

Festas da
Ascensión en
Compostela



Páxina 5

Presentado o
programa
ReVive
Santiago



Páxina 8

A oposición
reproba ao
alcalde de
Ourense por
segunda vez



Páxina 12

Expourense
organiza
Galisenior o 9
e 10 de maio



Páxina 15

Salceda terá o
seu I Plan de
Mobilidade
Sustentable



Páxina 20



Páxina 24

Entrevista



Alfonso Pato, Director do Festival de Cans

“Unha broma que se
converteu en algo
moi serio”

Páxina 23



www.centromedicoelcarmen.es



TRAUMATOLOGÍA Y CIRUGÍA ORTOPÉDICA

PRÓTESIS DE CADERA Y RODILLA

7 CIRUJANOS ORTOPÉDICOS | QUIRÓFANOS ADAPTADOS A CIRUGÍA PROTÉSICA



Galicia

O IES Ribeiro protagonista na Feira do Viño

Oluns 30 de abril dentro da programación da 55ª Feira do Viño do Ribeiro, no recinto Aula Galicia Calidade, tivo lugar a presentación dos ciclos formativos do Instituto de Educación Secundaria (IES) O Ribeiro, impartido por persoal docente do centro. Presentáronse os ciclos formativos de formación profesional básico de Industrias Alimentarias. Un de grao medio sobre "Elaboración de Aceites de Oliva e Viños" e outro de grao superior de "Vitivinicultura".

Realizouse unha degustación dos produtos realizados polos alumnos do centro e comentada polos docentes Ángela Losada e Félix Martínez. Entre os produtos que se de-

gustaron destacaron un viño branco elaborado mediante fermentación espontánea con uva da variedade Treixadura; un viño branco elaborado en coupage das variedades Treixadura e Palomino mediante métodos tradicionais; marmelada de uva Treixadura e marmelada de uva Sousón e Mencía. En todos estes produtos as uvas foron colleitadas de viñedos pertencentes ao propio instituto onde os alumnos practican os coidados da viña ao longo do curso.

Outros produtos que os asistentes degustaron con gran aceptación foron un aceite de oliva virxe extra, compota de mazá, galletas de castaña e kéfir de leite.

A finais do mes de xuño

abrirase o prazo para a inscrición de alumnos a calquera destes tres interesantes ciclos formativos. A información sobre o proceso de inscrición, requisitos e calquera outra consulta resólvense no propio centro: IES O Ribeiro, edificio Abrente, Ribadavia, Ourense.



Xosé Antonio, director do IES do Ribeiro, ofrecendo explicacións ao público.

En maio estamos de festa no Couto

Rúa Remedios 13, esquina Greco.
610 65 73 44 OURENSE.

Galicia Gourmet

Si ya dispone o está pensando en equipar su local con:

Parrilla a medida	Horno de brasa	Kamado, etc.
		

O todo lo relacionado con la brasa, no dude en llamarnos, porque además del equipamiento también podemos proveerlo del mejor carbón para parrilla. Disponemos de más de 10 referencias de carbón de diferentes orígenes y calidades, para adaptarnos a cada necesidad.

Carbón de encina	Carbón cubano	Carbón argentino	Sarmiento, etc...
			

Y por supuesto le serviremos la mejor carne de vacuno mayor y una amplia gama de productos gourmet:

Carnes selectas	Pulpo cocido	Conservas, etc.
		

Galicia Gourmet
Telf: 988 680 781 Móvil: 648 49 67 56 / 616 56 03 70
E-mail: info@galiciagourmet.net, productosdeg Galicia@hotmail.com
Web: www.productosdeg Galicia.com



Por: Guillermo Rodríguez

Director

Ordenando a miña alacena (II)

Estamos no mes Das LETRAS GALEGAS; mes importante para os que amamos as letras, as NOSAS LETRAS dunha maneira particular, a información, a cultura. Pero unha cultura sá, non o que hoxe temos que dixerir. Voulles ofrecer máis cousas das que veño atopando na miña particular alacena.

Cando na década dos corenta eu comezaba a “rumiar” as primeiras páxinas de xornais ou libros que chegaban ás miñas mans e que sempre me parecían poucos, (canta fame de libros pasei!!!), non podía imaxinarme que logo de todos estes anos vividos, que xa van uns cantos, ía encontrarme con tantos libros ao meu dispor, tanta información audio e visual que chegarían a emborracharme se non fixera árduos esforzos para separar o trigo da palla. A dúbida hamletina acode ao meu maxín constantemente: “que hai de certo de toda esta información que teño ao meu dispor?”.

Novas canles de información incontrolábeis por nós, lectores fomentos que todo o queremos fagocitar; informadores que venden a súa alma ao diabo para conformar ese “Gran Hermano” que nos vixía, para saber se cumprimos ou non cos obxectivos que nos van marcando día a día. Non importa que o que se escribe, o que se nos mostra, o que nos chega polas ondas hertzianas sexa ou non sexa verdade. Quen fala hoxe de verdades?, A quen lle pode interesar unha sociedade decente, honesta, honrada, solidaria, vivible? Todo está baixo control. Aquí “os medios” son a fin.

Retumban nos nosos ouvidos voces que xa veñen de lonxe. Thomas Jefferson lémbra-nos que “a opinión pú-

blica é a base de todo o noso sistema, social, democrático; e a tarefa máis importante para manter este dereito. Se tivera que decidir entre prensa sen goberno ou goberno sen prensa decidiría, sen dúbida algunha, a primeira opción”. Claro que Jefferson non tivo que coñecer o tipo de prensa que hoxe nos asulaga neste mundo de “fakes news”. Xa Pirro, filósofo grego nacido na cidade de Elís (360-270 a.C.), considerado o primeiro filósofo ético, prevía aos seus discípulos contra “os torbellinos de sabidurías halagadoras”, aínda que naquela época a xente cría nos deuses, nas forzas da Natureza, pero tamén pensaba por si mesma, chegaba ás súas propias conclusións, sentaba a pensar. De aí a representativa escultura “Le Penseur” do escultor francés Auguste Rodin, que representa un home reflectindo sobre o seu destino. Emile Zola, no Caso Dreyfus, foi quen, dende un xornal francés independente, de enfrontarse a unha acusación falsa contra un inocente francés, tecida por un “statu quo” de depravados acólitos do chauvinismo, do militarismo, do antisemitismo. Máis tarde sería o escritor e xornalista polaco Ksawery Pruszyński quen, logo da 2ª Guerra Mundial, deixaría escrito: “a tarefa dun bo comentarista non é tocar unha interminable polca para satisfacer o gusto do público, senón explicar o que coa súa mente entende, independentemente de que o seu razoamento guste ou non guste ao Poder, á Igrexa, ás masas, á sociedade, ao pobo,...

Aos que teñen a responsabilidade de informar por calquera medio que sexa xa Georges Orwell lles lembraba; “non vaiades crer que durante anos e anos podedes estar facendo de servís

propagandistas de calquera réxime ditatorial e logo volver repentinamente á honestidade informativa, intelectual. Basta con que unha vez te prostitúas para que xa te convertas nunha puta”.

Nunca tiveramos tanta e tan variada información ao noso alcance; somos a poboación máis informada da Historia; tamén somos a máis vulnerable. Ese tumulto informativo que traemos nun sinxelo móbil está formado por unha trama de datos verdadeiros e datos falsos que non somos quen de descifrar. Que é verdadeiro? Que é falso? Somos os máis informados pero tamén os máis vulnerables. Nestes momentos existe unha páxina WEB ou portal, na que traballadores da RTVE denuncian como se lles obriga a dar en pantalla e no micro as noticias que eles saben non foron contrastadas; informar parcialmente. E isto faise dende unha canle pública que pagamos todos cos nosos impostos. Imaxínanse o que non poñen sobre a mesa empresas que só buscan aumentar o súa conta de beneficios e que lles importa un pemento sexamos ben ou mal informados? Logo, para máis inri lemos “Hai que preservar a autonomía das redaccións e dos directores; preservar o dereito dos cidadáns evitando que especuladores e aventureiros vulneren os seus dereitos a unha información verdadeira”. Isto escrito nun xornal que nos últimos anos vén de argallar informacións, supostos dossiers falsos contra un partido que se lle enfrontou pola súa falta de equidade informativa. Dúas caras dunha mesma imaxe. En cal vai crer o lector? Ese é o xogo; crear tal confusión que xa non saibamos quen é quen, cales son as noticias falsas

ou as verdadeiras.

A mestra e escritora a quen se lle dedican este ano AS LETRAS GALEGAS, María Victoria Moreno, foi unha muller que nos deixou plasmados en libros os seus pensamentos. Como lle gustaría que foran educados os nenos/as, como debería ser a súa contorna educativa. Ela fíxoo en libros editados que non podemos manipular. Podemos estar ou non de acordo coas súas ideas, pero o que non pode fallarnos é saber que ese era o seu concepto do ensino, do mundo, da literatura. Non nos enganaba; simplemente expuña as súas ideas.

Pero hoxe os medios de comunicación móstrannos un mundo inventado, creado a propósito para defender os intereses económicos, espúreos, ás veces indecentes dos que “mecen os nosos berces sen que poidamos facer nada”. Somos elementos indispensables para configurar o seu mundo.

Causa risa cando un ministro do goberno anuncia que vai impoñer unha forte taxa ás empresas que moven o mundo virtual no que nos teñen instalados e que vai destinar ese diñeiro para aumentar as nosas pensións. Curioso. Non lle preocupa que nos estean “matando intelctualmente pouco a pouco”, só lle interesa que lle cadren as contas.

Hoxe, cando vivimos o MES DAS LETRAS GALEGAS quero convidalos a todos/as a emborracharse cunha morea de libros preciosos que temos nas NOSAS LETRAS. Grazas a tantos e tan magníficos escritores/as podemos aillarnos deste “perro mundo” e debru-zarnos dentro das páxinas dun libro que nos traslade a outras dimensións, onde sexamos, alomenos por unha horas, felices.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.

T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.

PORTUGAL: Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – Manuel Gonçalves – João Martinho.

MADRID: –Juan Louzán – **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo.


CANARIAS: Fco. Puñal.

NOVA IORQUE: Fco. Alvarez (Koki)

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Her-manager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015



Compostela celebra a Ascensión cun amplo programa para todos os públicos e todos os petos

A concelleira de Acción Cultural, Branca Novoneyra, presentou o programa das Festas da Ascensión 2018, que se celebrarán do mércores 9 ao domingo 13 de maio. Delaporte, Iván Ferreiro e Caxade son só algúns dos nomes destacados dun amplo programa de actividades para todos os públicos que se espalla por numerosos espazos da cidade e cuxo orzamento chegou este ano aos 230.000 euros.

Branca Novoneyra salientou a diversidade e a calidade dunha programación que busca atender a gustos ben diferentes e que presta especial atención á música galega e ás novas propostas da nosa contorna. A concelleira puxo especial énfase nas actividades pensadas para maiores e rapaces coas que se busca implicar a toda a cidadanía nas festas por excelencia de Compostela. Salientou tamén a aposta pola presenza de artistas e creadoras femininas e pola atención á mocidade. Novoneyra estivo acompañada na rolda por Montse Cillero, responsable do Departamento de Festas, e de Iria Ribadomar, debuxante e pintora galega veciña de Compostela que este ano asumiu o deseño da imaxe das festas.

Concertos de balde na Quintana

As Festas da Ascensión 2018 arrincarán o mércores 9 de maio ás 12:00 horas coas tradicionais bombas de palenque e as comparsas de cabezudos. Un dos escenarios centrais será de novo a praza da Quintana, que acollerá numerosos concertos de balde para facer participar da festa a todas as veciñas e veciños de Compostela. O primeiro deles, o propio mércores ás 21:30 horas, reunirá a electrónica exquisita de Delaporte e a poética musical de

Iván Ferreiro no escenario de Los40Stage. O concerto será presentado por Arturo Paniagua e contará tamén co DJ Óscar Martínez.

O xoves 10 será quenda para a combinación da vangarda e o fado punk de Orquestrada, que nos visitan dende a outra beira do Miño, e do folk indie dos Caxade. Xa o venres, 11 de maio, o programa inclúe un concerto especial para conmemorar os 170 anos da Banda Municipal de Música de Santiago. A formación dirixida por Casiano Mouriño e a Real Filharmonía de Galicia, baixo a batuta de Maximino Zumalave,



Iván Ferreiro actuará o mércores 9 de maio na Quintana

xúntanse para interpretar un programa que mestura pezas de H. Berliok, A. Márquez, R. Soutullo, e I. Chaikovsky, e inclúe a estrea mundial de What do you think about the dropping of atomic bombs in Hiroshima & Nagasaki?, do compositor galego Antón Alcalde. Para asistir a este concerto será preciso retirar convite no Teatro Principal. Estarán dispoñibles no despacho de billetes a partir do 4 de maio en horario de 18:00 a 21:00 horas.

Finalmente, o sábado día 12, a mítica banda Los Pekenikes e o surf instrumental de Santos Morcegos poñerán o peche aos concertos neste escenario central.

Música galega contemporánea e tradicional

Canda a da Quintana, outro dos espazos protagonistas será a praza do Toural, que acollerá as propostas da contorna musical galega que se agrupan no colectivo Compostela! Música. Por alí pasarán o pop dos Chupadeskay (o mércores 9), o blues de Susana Martínez (o xoves 10) que estará a presentar o seu novo disco Let's make a change, os son de Novo Flamenco (o venres 11), o pop dos Néboa (o sábado 12) e as cancións de autora de A Banda da Loba (o domingo 13). Todos eles de balde, e todos ás once

da noite, agás o do domingo que se adianta ás oito.

Tamén serán bandas galegas as protagonistas das sesións vermú na praza de Cervantes, que recibirá os sons xamaicanos dos Cachas & Cousins o xoves ás 13:00 h, e a verbena con autotune de Esteban e Manuel, o venres ás 12:30 h.

No día grande da Ascensión, a música tradicional de Folk na Rúa encherá as rúas da zona vella compostelá. Ese xoves 10, a partir das 18:00 h, Brincadeira, Cantigas e Agarimos, Colexiata do Sar e Ultreia levarán os seus sons ás prazas de Praterías, Toural, Cervantes e Obradorio, para concluír o percorrido musical nunha ac-



Rolda de prensa de presentación do programa de festas.

tuación conxunta ás 20:00 horas na praza de Acibechería.

Tamén se mantén a cita tradicional coas Corais na Rúa, que o sábado a partir das 17:00 h reunirá a Amigos de Compostela e Pontemantible en Cervantes, Xuntanza e Coto da Nai, na Quintana, e Xúbilo, Santa Susana e Irmán Gómez, en Praterías.

Concurso cabalar e Festa dos Maiores en Amio

O xoves pola mañá, o Mercado Nacional de Gando de Amio acollerá o Concurso Cabalar Ascensión 2018, unha das citas máis populares destas festas. Ás 9:30 horas ábreanse as inscricións para participar nos concursos morfolóxicos puntuables para a Copa Galicia de Pura Raza Galega 2018 e nos concursos de cabalos e eguas cruzados, ponis e percheróns. Ao longo da xornada haberá tamén exhibicións de andadura tradicional galega e espectáculos de doma. Ás 13:00 h terá lugar a entrega de premios ás ganderías gañadoras e do Gran Premio Dragóns de Santiago, Trofeo Institucional do Concello de Santiago de Compostela, que recaerá na egua ou cabalo de Pura Raza Galega que obteña maior puntuación nos concursos morfolóxicos da Feira Cabalar da Ascensión.

O sábado 12, o recinto feiral acollerá a partir das 14:00 horas a XXI Festa dos Maiores, con xantar e actuación musical de Alma Latina. As entradas poderanse adquirir a un prezo de 7,50 euros do 2 ao 11 de

maio no despacho de billetes do Teatro Principal, en horario de 11:00 a 14:00 horas.

Microteatro e concertos para familias no Principal

A programación das festas garda un lugar especial para a programación infantil e familiar na fin de semana. O sábado e domingo poderemos asistir a un feixe de peciñas de microteatro con Marta Ortiz, Avelino González, Fátima Villamel, Pablísimo, Elefante Elegante, Martín Camiña, Vero Rilo, Anxo García, Larraitz Urruzola, Ana Carreira, Ghazafelhos e Charo Pita. Haberá tamén concertos de Trotaventos, Oviravai e Gattuxo. A entrada para todos os espectáculos será libre até esgotar o aforo. Para asistir ás pezas de microteatro é imprescindible retirar entradas no Principal a partir do 4 de maio en horario de tarde.

Outras citas

O programa de festas complétase cos actuacións das orquestras na Alameda, o XLII Torneo da Chave das Festas da Ascensión (o sábado ás 17:00 h, na Alameda), o concerto do V Ciclo de Música de Cámara nas Cidades Patrimonio da Humanidade (o sábado ás 20:00 h en San Martiño Pinario) e o concerto da Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela (o domingo 13, ás 12:00 h na rúa do Vilar).

Ademais, as atraccións do parque estarán instaladas dende o sábado 5 e permanecerán ata o 20 de maio.

Opinión

Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

Nin rebelión, nin sedición, nin malversación

No Estado de Dereito só poden ser castigadas penalmente condutas previamente consideradas delito e estas condutas non poden ser obxecto de interpretación extensiva. Neste senso, existiu o delito de declarar a independencia de parte do territorio do Estado por medios non violentos, mais desapareceu en 1995 coa aprobación do Código Belloch. Tamén existiu uns anos o delito de convocatoria dun referéndum ilegal, imposto pola maioría absoluta do PP na época do aznarato, mais desapareceu na primeira legisla-

tura de Zapatero. Nin unha nin outra conduta son delictivas.

Co Código Penal vixente na man, non pode existir delito de rebelión porque non existe a violencia física que esixe o seu artigo 472.5. Violencia física que é tan consubstancial ao delito que o artigo 479 regula o requirimento aos rebeldes que aínda non abrisen fogo. O Tribunal Superior de Schleswig Hollstein viuno claro e calquera xuíz honrado e preparado ha velo coa mesma claridade.

Tampouco existe unha sedición que tamén esixe a violencia do alzamento

público e “tumultuario”, é dicir a utilización planificada para fins políticos de continuadas desordes públicas. A xurisprudencia do propio Tribunal Supremo –TS– español (até de agora, dende agora sabe Deus) define a sedición como unha rebelión en pequeno, de fins máis concretas, sempre violenta.

E tampouco existe delito de malversación. A Interventora Xeral da Generalitat certificou a plena legalidade de todos os gastos do orzamento do 2017 e o Ministro de Facenda ven de ratificar a devandita legalidade. E este argumento é definitivo. Cómpre lembrar que o Ministro de Facenda controla totalmente a Facenda catalá dende o 28 de outubro e xa a controlaba parcialmente dende o 17 de setembro. Agora algúns inventores do

Dº Penal dín que tamén se pode malversar alugando locais para mitins. Argumento ben choqueiro que faría rir se as circunstancias non fosen tan dramáticas.

E son tan dramáticas porque nas Salas do Penal do TS e da Audiencia Nacional estase a aplicar un Dereito Penal do Inimigo á turca que inventa ao seu xeito as condutas constitutivas de delito, ao tempo de inventar as normas da competencia dos propios Tribunais. Velaí porque tantas persoas, na Catalunya, na Galicia e na Europa toda, perceban que o que está en risco son o Estado de Dereito, os dereitos fundamentais e a democracia.



Foi unha violación colectiva

Aplicar o Dereito Penal en democracia non é doado. Na dúbida cómpre resolver a prol do acusado e a prol do menor castigo. Non partillo a obsesión polas grandes penas, senón que prefiro que éstas sexan efectivas. Tampouco acredito nos linchamentos nin nas reformas legislativas en quente e mesmo penso que éstas prexudican aos sectores sociais máis indefensos. En realidade, se os feitos de Iruña-Pamplona fosen considerados violación a pena habería abanear entre 12 e 15 anos. Un substancial incremento do castigo,

mais non onde moitas persoas quere-rían levalo.

Mais alén da extensión da pena importa máis a axeitada cualificación dos feitos axuizados. O acoso sexual convértese en abuso sexual cando concorre violencia ou intimidación. Conceptos ben claros que non precisan de reformas legislativa ningunha. A violencia é a “vis absoluta” do latín ou a “force” do inglés. Nos feitos de Iruña hai forza nas sucesivas suxeicións dos brazos e pernas da vítima para permitir os sucesivos actos de agresión. Mais, sobre todo, hai unha

situación constante de intimidación. A intimidación é a ameaza de usar a forza (“threat of force” en inglés, “vis intimidatoria” en latín). Existe intimidación constante polo apartado do lugar, pola grande diferenza en número (5 a 1), idade e forza física e pola monopolio excluín-te da decisión por parte do grupo. Pensemos cál sería a reacción deste no caso dunha negativa da vítima. Supoño que case todos somos quen a albiscala.

Na sentenza non fallou a avaliación das probas para determinar os feitos probados. Fallou a cualificación xurídica, ao non ver os actos puntuais de forza e a intimidación constante. Velaí as altas posibilidades de que as apelacións das acusacións perante o

Tribunal Superior de Navarra poidan obter claro éxito e agravar as penas.

Porén, o feito deste grave erro cualificatorio demostra a necesidade de que os xuíces que instrúan e axuizen esta caste de delitos acrediten formación abonda en cuestións de xénero e igualdade, como os xuíces que actúen en Galicia haberían ter como obriga o coñecemento abondo da lingua e do Dereito do País. Velaí, agora si, unha reforma legislativa inaprazábel.

Cuestión á marxe é o voto particular do presidente do Tribunal desta primeira instancia, que mesmo achega dúbidas racionais sobre a súa carencia sobrevida de actitudes e aptitudes para xulgar esta caste de comportamentos na sociedade de 2018.

Por Jesús Témez Fernández

As “fake news” do pensamento único

Pois resulta que o incidente de Lavapiés foi orquestrado e dirixido por cadros políticos de Podemos que de forma moi organizada urdieron o revolucionario incidente facendo ver que a causa da morte do mozo mantero fose imputable ao acoso da policía nun exceso de celo no exercicio da súa función. Por outra banda desde sectores progresistas e máis transversais ideolóxicamente fa-

lando deste país tentan con impro-vos esforzos propagandísticos facer ver que o triunfo de Putin en Rusia débese á fraude electoral e fraude electoral cando as últimas noticias respecto diso dos acreditados observadores da OSCE din todo o contrario testemuñando que as eleccións rusas desenvolvéronse na máis absoluta das purezas democráticas. O uso das “fake news” como arma arrebo-

ladiza electoral e propagandística é claramente un atropelo e apuñalamento ao corazón da democracia, que se vale da información como ferramenta principal para o seu desenvolvemento e bo funcionamento. É curioso ver como a gran maioría dos mainstream nacionais e internacionais atorméntannos día tras día co uso da información terxiversado que Rusia fomenta no continente europeo e EEUU. Con todo, a día de hoxe non se destacou unha soa noticia de certa dimensión mediática anunciando que as eleccións rusas foron limpas e democráticas. Como tampouco ningún

medio de comunicación dos destacados deste país incluíndo as televisións de cabeceira pediron responsabilidades polos incidentes de lavapiés deixando que tal suceso se vaia diluíndo pola máis rabiosa actualidade da desvalorización das pensións. E eu preguntome quen emite máis “fake news”. A esquerda radical con todo o seu aparello mediático en combustión ou a carpetovetónica Rusia do omnímodo Putin?.



■ **Por Baldomero Iglesias Dobbarrio. Mero**

Que non nos rouben a nosa fame nin a dor, porque teremos memoria

“Pode que o mundo enteiro non o entenda. Pode que ninguén nunca conta se dera. Sucede, ás veces, que alguén carga coa culpa daquilo que non fixera. E diante de tanta infamia, da tanta maldade fera, el mesmo se negue a desdicir aquilo que del dixeran. Morre así a verdade presa, como cando sopra ruidoso o vento, xunto a un salouco de pena, ...mentres baixa unha soa bágoa pola meixela, no silencio afogada: ninguén no mundo se entera. Ninguén no mundo se entera!”.

En Abellá, Frades, A Coruña, 21 de abril de 1947. A morte de Tres Manueles. Pasaron xa 71 anos daquelas mortes. E hoxe na distancia que van dando os anos, non é doado reconstruír aqueles tempos violentos dunha guerra que se puido evitar con un pouco de sensatez, coma pasa con todas. É grave o suceso, temos que porfiar aínda nos silencios para comprender aquela esperpéntica situación

na que os sublevados resultaron ser vencedores e, diante da vergoña da usurpación, proclamáronse liberadores, aínda non sabemos de que, nin de quen! Resumindo, despois dunha grave ditadura e dunha transición que non transitou, que non abriu sequera horizontes. Pobres resultados con débedas de moitos dereitos e en regresión veloz de democracia, aínda de baixo calado. Con leis intolerantes e ousadas que evocan as mordazas.

Hoxe a maioría dos superviventes daqueles acontecementos morreron. Dos que quedan, observamos a algúns que non queren falar do pasado e sacan da súa mente calquera sentenza xuiciosa ou, sequera, revelación daquela masacre. Fano por medo aínda. Son imaxes doridas, secretos inconfesables, violencia. Outros fixeron da lembranza un recurso expresivo de xustificación ou escusa dos seus posicionamentos. Outros céibanse de acordos sobre escenificados e reme-

moran falas de amigos e anécdotas dos inimigos. Pero nós, que aínda ulimos a pólvora dos máuseres ferruxentos empregados, non damos creto. Queremos coñecer aquelas imaxes en branco e negro, veladas na ignorancia que o tempo e “os vencedores” nos deixaron, para tapar todo con medos, con silencios sospeitosos de acalar algo. Neste silencio tan grande, cremos sentir o estoupido das balas, os berros de sufrimento e a dor, aquela decepción da derrota e de vitoria inxusta. Tanques de lata e biplanos que voan de xoguete, ao redor das mortes. Pero o peor é esta política de esquecemento que serve de pretexto para seguir probando novas armas, sempre asasinadas. Non hai nada certo nesta eiva endemoñada que está chea de baleiros na memoria. Prevalece o descoñecemento que machucou, xa daquelas, a nosa ilusión que viña abrirnos o coñecemento e os corazóns. Tanto tempo perdido, que tristura produce saber a vergoña do abandono por parte dos países que prometeran defender as causas xustas e democráticas, a causa republicana. Se non recobramos a memoria, esa que nos fai máis humanos, máis pegados á

terra, non poderemos aprender agradecendo as prácticas advertidas nos pasos que imos dando, os ben dados e os mal dados, xa que de todos se saca unha aprendizaxe. Esa é a memoria que nos ten que servir para avanzar, para ser conscientes da nosa vulnerable condición. Mais neses erros estamos novamente, perdendo dereitos acadados no conxunto social, por falta de memoria. Quedan moitos feitos por lembrar, como o de hoxe que celebramos agradecidamente aquela dignidade dos Tres Manueles: Manuel Rodríguez, o Asturiano; Manuel Díaz Pan e Manuel Ponte Pedreira, este último xefe da 4ª Agrupación Guerrilleira de Galicia. Nelas e neles están os valores que abrirán camiños de liberdade e porvir esperanzado, donos de nós e do noso. A súa memoria obríganos a un comportamento competente, coñecedor e consciente. É unha memoria agradecida daquelas persoas que loitaron e deron as súas vidas por nós. Que máis poderían dar? Que menos podemos ofrecer?



■ **Por Amador Rego Villar-Amor**

A voltas coas pensións

Isto é o verdadeiro problema ao que nos enfrontamos, xunto á posible subida de tipos de interese, que cunha débeda moi alta pódanos condicionar moito a vida do noso país. O tema de pensións é xa un tema moi vello, ao que había que buscarlle solución fai máis de 20 anos. Pero cando comeza a dura crise en agosto de 2007, o goberno de entón só tiña na súa mente como podía gañar as eleccións en marzo de 2008, para o que fixo non fixo ningún caso á situación que se vivía, facendo oídos xordos á banca, entidades e persoas moi solventes e documentadas nestes temas.

As medidas para tomar son duras, pois pasan por dúas medidas que son: a primeira alongar ao idade de xubilación aos 70 anos; a segunda unha redución das cantidades para cobrar. Hai unha realidade que se impón, é que grazas a Deus e á medicina. A poboación vive

máis e mellor, a esperanza de vida subiu doce anos ou máis, iso quere dicir que se antes unha persoa cobraba unha xubilación cinco anos, agora cóbra a vinte anos. A isto hai que engadir a asistencia sanitaria que temos que é das mellores do mundo e atópase cuns déficits próximos ao 20 mil millóns de euros.

Á vista do que se oe e se vé hai que facerse algunhas preguntas. Os pensionistas preocupáronse por saber durante a súa vida laboral as súas bases de cotización, tamén se asinaba a nómina por unha cantidade e cobrada por outra, sendo a base de cotización o que asinaba, de 40 anos de traballo como se oe, cuantos anos estivo asegurada, tamén as viúvas dos autónomos, estes que bases de cotización tiñan as altas ou as baixas, pois a asistencia sanitaria tiñana igual coas bases altas ou as baixas.

Decir tamén algo moi delicado. As pensións son só para os pensionistas,

sen esquecer o exemplo e a axuda que prestaron.

Agora paso a comentar os baixos aumentos nas pensións. Con estes aumentos levamos así cinco anos. Pregúntome por qué é agora cando sae a relucir. Teño anos suficientes para non deixarme manexar. Os partidos políticos da oposición viron nos pensionistas os seus mellores aliados para ir contra o goberno, só para iso, pois o benestar destas persoas impórtalles moi pouco. O que hai que mirar non é se a unha pensión de 600 euros sóbenlle ao mes 5 ou 15 euros máis. O que hai que solucionar é como se mantén esa pensión de 600 euros aínda que sexa conxelada doce anos máis, e disto non se fala para nada.

As novas xeracións téñeno moi cru. Temos que ser moi conscientes do que lle deixamos. Coméntase de facer plans de pensións. O primeiro que hai que facer é mellorar moito máis a súa fiscalidade e a súa liquidez. Pero hai que preguntarse tamén cantas persoas cos actuais soldos pódenos facer pois me atrevo a dicir que soamente un 20%

da clase traballadora pódoo facer. Hai que ter en conta tamén algo moi importante, que isto prexudica o consumo pois ao reducir o gasto para aforrar, redúcese o consumo e con iso aumenta máis o paro. Isto require moito coidado e prudencia.

Trato de comentar o que vexo mellor, que é que os partidos políticos sexan moi conscientes do actual momento. Ten que haber un acordo de Estado para o Pacto de Toledo, pois estou a ver que é un marrón que ningún partido quere tomar a iniciativa. Só dedícanse a insultarse uns a outros e non buscar a solución; só buscan o como se ataca e derrúbase un goberno, nun xesto máis de irresponsabilidade, ignorancia, incompetencia e mediocridade, sen darse conta que o tempo se está acabando, e de non facerse a tempo as consecuencias poden ser terribles, sobre todo para os máis débiles.



Galicia

Redacción SANTIAGO

Presentado o programa ReVive Santiago, a estratexia para conseguir "a Compostela que queremos"

O Concello presentou o pasado 25 de abril o programa ReVive Santiago, nun acto celebrado no Auditorio de Galicia coa participación de máis dun cento de representantes do tecido veciñal e asociativo da cidade. O alcalde, Martiño Noriega, e a concelleira de Economía e Facenda, María Rozas, encargáronse de debullar o proxecto, que aglutina as accións que serán financiadas con fondos europeos FEDER, no marco da EDUSI.

ReVive Santiago é o nome co que o Concello vén de rebautizar a Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado, EDUSI. No programa inclúense accións orzadas nun total de 12,5 millóns de euros, 10 millóns de euros procedentes dos fondos FEDER, e 2,5 millóns de euros de achegas propias do Concello. A concelleira de Economía e Facenda lembrou que "a EDUSI foi elaborada coa participación activa da veciñanza, a través de enquisas, mesas de

traballos e múltiples encontros; porque era un requisito de Europa pero tamén porque o Goberno de Santiago ten o firme convencemento de que a cidadanía ten que deseñar o futuro de Compostela". María Rozas explicou que "despois dunha longa tramitación desde a selección da EDUSI de Santiago para ser financiada por Europa, hoxe podemos dicir que as accións previstas na estratexia se empezan a converter en realidade, co obxectivo de revivir Compostela, e de que a veciñanza se sinta máis orgullosa que nunca da cidade".

Tres liñas estratéxicas

As accións incluídas no ReVive Santiago relaciónanse con tres liñas estratéxicas: Accesible, Inclusiva e Patrimonial.

No relativo á "Compostela Accesible", a concelleira de Economía e Facenda explicou que "unha das esixencias mostradas pola cidadanía no proceso de participación previo á elaboración da EDUSI foi a de conseguir

un Santiago sen barreiras físicas, e por iso introducimos no programa a elaboración dun Plan de Accesibilidade Universal". Na mesma liña, "a veciñanza reclamou un novo modelo de mobilidade, e niso traballaremos, xunto coa reordenación dalgúns viarios moi saturados como Clara Campoamor, a avenida do Restolal ou o Cruceiro da Coruña".

No tocante á "Compostela Inclusiva", María Rozas salientou que "o programa ReVive entende a inclusión social como un concepto amplo, e por iso nesta liña estratéxica inclúense desde actuacións de mellora nos barrios non centrais como Castrón Douro ata a posta en marcha de programas de emprego propios, pasando por accións relacionadas coa igualdade entre homes e mulleres ou a implantación da administración electrónica".

Por último, na liña da "Compostela Patrimonial", o programa ReVive Santiago aposta por "reivindicar o valiosísimo patrimonio que ten o noso muni-



Martiño Noriega pechou o acto

cipio máis alá do ámbito da cidade vella". Por iso, a concelleira de Economía e Facenda incidiu en que os fondos europeos FEDER permitirá avanzar na recuperación de novas sendas verdes, de espazos esquecidos como as ruínas de Caramomiña, ou na posta en valor do Castelo da Rocha, "fundamental para entendérmonos a historia de Compostela".

"Camiñar cara a Compostela desexada"

O alcalde foi o encargado de pechar o acto, mostrando o seu convencemento de que "entre todas e todos camiñamos cara a Compostela desexada, construímos un novo relato de cidade centrado nas necesidades, nas inquiredanzas e nos desexos das persoas".

Por iso, Martiño Noriega agradeceu "a participación de colectivos veciñais neste acto, pero sobre todo na elaboración da EDUSI, que non ten máis obxectivo que construír a mellor Compostela". Da mesma maneira, o alcalde mostrou o seu agradecemento "a todas as persoas que traballan no desenvolvemento do programa ReVive Santiago", pediu o máximo compromiso dos concelleiros e concelleiras do Goberno para que todas as accións se convirían en realidade, e fixo un chamamento aos grupos da oposición para que "esta estratexia reborde as fronteiras e cores políticas, porque construír o Santiago que queremos para o futuro esixe esforzos conxuntos".

Santiago quiere limitar a implantación de novos aloxamentos turísticos

Na Xunta de Goberno de Santiago aprobouse de maneira provisional a modificación puntual do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica para limitar os aloxamentos de carácter temporal no tecido residencial. O documento será agora remitido á Xunta, que ten un prazo de dous meses para informar. Posteriormente, a modificación puntual recibiría luz verde definitiva no Pleno da Corporación.

O obxectivo da modificación é impedir ou limitar a implan-



Martiño Noriega deu conta dos asuntos tratados na Xunta de Goberno

tación de novos establecementos hoteleiros e aloxamentos turísticos no tecido residencial da cidade histórica, para mantela como "espazo habitado". Os informes que acompañan a

modificación puntual do Plan Especial advirten dos riscos que supón o fenómeno dos aloxamentos turísticos, e tamén da perda continua de poboación no ámbito da cidade histórica.

Adxudicadas as obras de rexeneración da calzada Ponte Marzán-Sandino-Cruceiro de Sar

A Xunta de Goberno adxudicou as obras de rexeneración da calzada no eixo Ponte Marzán-Sandino-Cruceiro de Sar, unha actuación á que se van destinar máis de 350.000 euros. Trátase do viario que conecta a parroquia de Aríns co centro da cidade, coincidente en parte do seu trazado coa Vía da Prata.

será a empresa Asfagal Técnicas Viarias SL a que se encargue dos traballos, que teñen un prazo de execución

de seis meses. O viario Ponte Marzán-Sandino-Cruceiro de Sar atópase actualmente en mal estado de conservación. O obxectivo do proxecto é renovar por completo o firme, ao tempo que se realizarán reparacións puntuais nas beirarrúas e se acometerán obras para mellorar a accesibilidade nos pasos de peóns existentes. A actuación será respectuosa coas especiais condicións dun viario que coincide en parte do seu trazado coa ruta da Prata.

Convenio de colaboración coa Fundación María José Jove para fomentar un estilo de vida saudable na infancia

O alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, asinou un convenio coa presidenta da Fundación María José Jove, Felipa Jove, mediante a cal Concello e entidade sen ánimo de lucro establecen un acordo de colaboración para o desenvolvemento de programas educativos, deportivos e culturais destinados á mocidade que fomenten un estilo de vida saudable. A fundación recibirá unha subvención nominativa de 58.000 euros para a renovación destas actividades no marco do programa Educa Saúde da Concellería de Xustiza Social e Coidados, dirixida por Silvia Cameán.

Os programas realizados pola Fundación María José Jove que poden acollerse ás subvencións reflexadas no convenio son aqueles que teñen como obxectivo prioritario "a información, sensibilización e preven-

ción de condutas de risco, así como todos aqueles que fomenten un estilo de vida saudable tanto entre o alumnado participante como entre as súas familias". Ademais de fomentar a prevención de condutas adictivas, os programas, que se desenvolven en centros educativos da cidade a petición dos mesmos e que este curso tamén se realizarán en centros de educación especial, tentarán impulsar a formación e concienciación ambiental do alumnado. O convenio especifica que a Fundación María José Jove contará co asesoramento gratuito da Sociedade de Pediatría de Galicia.

Tras a firma do convenio, cuxa validez é dun ano, o alcalde agradeceu, nunha comparencia ante os medios, o traballo que a Fundación María José Jove vén desempeñando co Concello de forma regular



e en distintos ámbitos, todos eles relacionados, fundamentalmente, coa educación e a inclusión das diversidades. Así, recordou, ademais da participación no programa Educa Saúde, as actividades no programa Cultura Accesible e Inclusiva, posta en marcha pola Fundación Emalcsa, ou a colaboración do Concello no desenvolvemento da Carreira Enki de obstáculos pola di-

versidade.

Pola súa banda, Felipa Jove indicou que "é unha sorte que o Concello confíe nunha entidade coma a nosa, con quince anos de experiencia, para desenvolver este programa que representa moitos dos obxectivos da Fundación, como é traballar a prol da infancia e as diversidades, mellorando a calidade de vida tanto de nenos como de familias".

Máis de 40 proxectos concorren ás axudas de apoio á cultura tradicional e festas veciñais

Un total de 42 proxectos optan, unha vez pechado o prazo de solicitude, ás liñas de axuda postas en marcha pola Concellería de Culturas, Deporte e Coñecemento destinadas a apoiar as entidades vinculadas á cultura tradicional, a través do Plan de apoio ás entidades de arraigo, e para organizar as festas de carácter comunitario en colaboración coas entidades veciñais, dentro da liña Facemos comunidade. A área de Culturas do Concello promove, nalgúns casos a través do Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE), un total de cinco convocatorias en réxime de concorrencia competitiva ás que destina 620.000 euros co obxectivo de apoiar a creación e a diversidade cultural da cidade, tanto para entidades, salas e asociacións veciñais.

Aberto prazo para outras axudas

A Concellería de Culturas mantén aberto o prazo de solicitude para outras dúas liñas de axudas: Cultura de Barrio, ata o 7 de maio, destinada a entidades e colectivos que contribúan á descentralización da programación cultural en favor dos barrios, e o Plan de Apoio á Creatividade Grupo Xerminal, que se pode solicitar tamén ata o 15 de maio e busca alimentar a produción en diversas disciplinas relacionadas coa palabra, o son, a plástica, a escena, a imaxe e outras manifestacións artísticas.

Unha quinta liña, Cultura de proximidade, destinada a salas de música e artes escénicas, abrirá a súa convocatoria unha vez se publique no Boletín Oficial da provincia.

O centro Ágora facilita o acceso das persoas con diversidade cognitiva ao equipamento a través dos seus dispositivos móbiles

O Concello da Coruña e a Asociación Pro Persoas Con Discapacidade Intelectual de Galicia (ASPRONAGA) veñen de implantar este mes de abril no centro Ágora un proxecto piloto que ten como finalidade favorecer o desenvolvemento da autonomía das persoas con diversidade cognitiva dentro do equipamento municipal. A través dunha aplicación dispoñible para dispositivos móbiles, as persoas usuarias poden contar cunha serie de apoios informativos que lles outorga unha maior independencia para acceder así aos espazos e servizos que ofrece o centro sociocultural e, especialmente, a súa biblioteca.

A iniciativa, posta en mar-

cha polo Servizo Municipal de Bibliotecas coa colaboración da entidade social ASPRONAGA, supón a instalación de códigos QR tanto na entrada do recinto como no seu mostrador, uns indicadores que recollen os procesos implicados nas rutinas máis habituais ou significativas na biblioteca. Así, os códigos conteñen información sobre o acceso a servizos nos que a persoa pode estar interesada, como poden ser farcase socia, realizar un préstamo, dirixirse ao mostrador para realizar unha xestión ou ir ao baño. Unha vez que se escanea o QR, este ofrece, a través dunha secuencia en imaxes, pequenos vídeos ou texto de lectura fácil, os pasos necesarios para facer uso do servizo sen necesidade de preguntar a outras



persoas, o que favorecer o desenvolvemento da autonomía das persoas con diversidade cognitiva.

A biblioteca municipal do centro Ágora comezou a traballar na implantación da aplicación Mefacilyta --un proxecto da Fundación Vodafone que se desenvolveu coa cola-

boración de máis de 50 entidades sociais e do ámbito da saúde-- hai máis dun ano. Este mes de abril, un grupo de usuarias de ASPRONAGA avaliou os distintos pasos recollidos nos desenvolvementos propostos polo persoal da biblioteca e validou o servizo como útil e comprensible.

O PP de Monforte pide ao alcalde a mellora íntegra das rúas

A voceira do grupo municipal do Partido Popular de Monforte e deputada autonómica, Julia Rodríguez, considera que o Concello debería realizar unha mellora máis ambiciosa das rúas da cidade coa finalidade principal de garantir a seguridade dos seus usuarios no lugar de limitarse “simplemente a botar sobre as vías unha capa de asfalto.” É dicir, Julia Rodríguez defende que “reparar o estado deficiente que presenta a capa de alquitrán das rúas evidentemente é unha necesidade que en moitas ocasións xa foi trasladada a Pleno polo grupo popular, pero tamén se tornan urxentes outras actuacións como a de anhear as rúas”. Neste senso, a voceira do PP lembra que en diferentes ocasións “solicitamos que se renovasen as conducións, de ser necesario, á hora de realizar unha obra e agora facemos extensible esta petición tamén á urxencia de ampliar rúas e deixar tamén, por exemplo, feitas as preinstalacións para o soteramento doutros servizos”.

Rúa Zapardiel

Dende o PP demándanlle ao socialista que, ademais de mellorar o firme da rúa Zapardiel, se realicen as xestións oportunas para ampliar a plataforma desta vía nunha zona que “debido a súa estreiteza convértese nun punto moi perigoso para os peóns”. Julia Rodríguez lembra que os populares xa manifestaron en máis ocasións a ur-



A rúa monfortina Zapardiel.

xencia de actuar na rúa Zapardiel e, de feito, na sesión plenaria do mes de febreiro de 2017 pediron a humanización desta vía. “O firme da rúa Zapardiel presenta un estado considerable de abandono ao ser esquecido durante anos polos gobernos locais”, critica a popular, quen expón que “ademais de actuar sobre o firme o alcalde tamén debería contactar cos propietarios de fincas limítrofes nun treito no que a calzada se estreitece de forma considerable”. Trátanse de fincas que se atopan valadas e “esta sería unha boa oportunidade non só para mellorar o firme senón tamén para anhear a rúa e renovar conducións”, consideran dende o PP. Os populares defenden a importancia desta actuación “xa que estamos ante unha rúa que dá servizo a un amplo número de veciños, comunica co parque do Monte San Vicente, ademais de que se localiza preto dun instituto de secundaria e das súas instalacións deportivas”.

Outros casos

Julia Rodríguez precisa que esta “falta de interese do alcalde xa se amosou durante a actuación que acometeu o Concello na rúa Aceña Nova, onde a administración local botou unha capa de asfalto sen tan sequera contemplar a necesidade de tratar cos veciños a urxencia de anhear a entrada desta vía. Existe un terreo cuberto de maleza sobre o que se podería ampliar a plataforma e acometer deste xeito unha obra necesaria”. Unha situación semellante deuse na rúa Cobas, onde o alcalde só “procedeu a un lavado de cara da vía ao pavimentala de xeito parcial deixando os laterais de terra, deste xeito non se deu unha verdadeira resposta aos problemas que presenta esta rúa para que quedase ben por un longo período de tempo”.

O grupo municipal do PP considera que “é importante xestionar con eficiencia os fondos públicos e para iso deberían acometer á par as actuacións de mellora do firme xunto con

O Grupo Popular solicita a inclusión do Museo do Ferrocarril de Monforte na Rede de Museos de Galicia

O Grupo Popular vén de rexistrar no Parlamento galego unha proposición non de lei a través da que se solicita á Xunta a impulsar, desde o Padroado da Fun-



A máquina de vapor “Mikado” pertence ao museo.

dación dos Ferrocarrís de Galicia, a inclusión do Museo do Ferrocarril de Galicia, sito en Monforte de Lemos, na Rede de Museos de Galicia. A deputada popular Julia Rodríguez Barreira salientou que “a inclusión do Museo do Ferrocarril de Galicia na Rede de Museos de Galicia suporía un pulo importante para este centro, que se beneficiaría dos recursos promocionais que proporciona este rede”.

Interese galego

Julia Rodríguez lembrou que o Museo do Ferrocarril foi declarado de interese galego en xuño de 2001. Xestionado pola Fundación dos Ferrocarrís de Galicia, este centro localizado en Monforte está considerado o terceiro gran museo ferroviario de España en canto a infraestruc-

turas ferroviarias históricas e o primeiro en canto a parque móbil ferroviario restaurado que se mantén operativo. O Museo conta entre os seus fondos con emblemáticas locomotoras e vagóns; cunha estación de minitrenes; unha rotonda considerada como unha mostra importante do patrimonio industrial español e mesmo europeo; ademais de aparataxe de comunicacións, mostras de traxes e material ferroviario.

“Consideramos necesario que todo este material histórico sexa preservado, posto en valor e divulgado en toda a súa importancia, máxime nunha vila eminentemente ferroviaria e noutro un dos núcleos ferroviarios máis importantes do país”, salientou a deputada popular.

outras obras necesarias nas rúas”. Por exemplo, os populares defenderon en varias ocasións a necesidade de aproveitar as obras en rúas para renovar conducións e redes de abastece-

mento e deste xeito “evitar que sucedan feitos como o sufrido na rúa Conde, onde houbo que levantar de novo a vía pese a ter sido recentemente renovada”.

Xornal galaico-portugués busca
XORNALISTA e COMERCIAL para ALTO MINHO

Condicións excelentes. Precísase curriculum e experiencia
Dirixirse a: redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Plan para ampliar o mercado laboral na hostalería

A Consellería de Economía, Emprego e Industria colabora coa Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería e Turismo de Lugo (Apehl) no impulso do plan integral de emprego “Dimo Lugo III” dirixido a ampliar as oportunidades laborais de 85 persoas sen traballo. O Goberno galego achega con este fin 204.000 euros que fan posible a realización deste programa, que comezou o pasado mes de decembro e que ten previsto desenvolverse ata finais do mes de novembro, isto é, cunha duración estimada dun ano.

O plan incorpora un programa específico de formación e prácticas laborais que mellorará a cualificación e desempeño dos futuros profesionais da hostalería e restauración, un ámbito de especial importancia

nunha provincia con gran potencial turístico e de servizos como é a de Lugo. Así o explicou o delegado territorial da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, quen acompañado do presidente da Apehl, José Francisco Real, visitou ás persoas beneficiarias dun destes cursos que se imparten nas sedes sociais que a asociación de hostalería ten en Lugo (rúa Ramón Montenegro) e Monforte de Lemos (rúa Zapateira).

As accións formativas son moi variadas e, de feito, os 85 alumnos participantes teñen a oportunidade de adquirir coñecementos teóricos e prácticos en ámbitos como a manipulación e hixiene alimentaria, operacións básicas de restaurante e bar, alfabetización informática, auxiliar de cociña e sala, camareiro/a de pisos, axudante de cociña, inglés básico para hostalería.



Alguns dos alumnos beneficiados polo plan de emprego.

entre outros, a inmensa maioría delas combinadas con prácticas laborais.

O plan integrado inclúe tamén accións personalizadas de información, orientación e asesoramento nas técnicas de busca activa de emprego, coaching, prevención de riscos, obradoiro de entrevistas e competencias dixitais e redes sociais. Outra das importantes vantaxes deste plan integrado de emprego é que prevé a inserción laboral dun mínimo

do 30% dos seus participantes, unha vez finalizado o programa formativo.

Con características similares a este, a Xunta de Galicia desenvolve na provincia de Lugo cinco programas integrados de emprego, que buscan incrementar as oportunidades laborais de 425 persoas sen emprego o que supón un investimento de máis dun millón de euros, distribuídos entre as entidades promotoras: concellos e entidades sen ánimo de lucro.

XXVII Feira do Viño de Vilachá

O lugar de Vilachá, no municipio da Pobra do Brollón, acollerá unha nova edición da Feira do Viño o sábado 5 e domingo 6 de Maio. O día 5, ás 12.00 horas, dará comezo a Feira do Viño coa apertura das adegas e os postos de comida. Pola tarde, ás 18.00 horas, comezará o pasarrúas a cargo dos grupos folclóricos. Xa pola noite, ás 21.00 horas, dará inicio unha gran chourizada previo á actuación de Fanfarria Takicardia.

O domingo 6, os actos darán inicio ás 11.30 horas, coa alborada dos grupos de gaitas da Escola Municipal de Música. Ás 12.00 horas será a quenda dos grupos Canteiros da Unión, Os Estoupafoles e Skachakunchas. Ás 13.00 horas o escritor e xornalista Antón Lopo dará lectura ao pregón da festa e ás 15.30 horas será a quenda da actuación da charanga Mil 9.

Remataron as obras de reforma do colexio da Pobra do Brollón

O delegado territorial da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, visitou o centro escolar de A Pobra do Brollón no que a Consellería investiu recentemente preto de 55.000 euros. Nunha primeira fase cambiáronse as ventás dos corredores da primeira e segunda planta, por un importe de 15.000 euros. Na intervención que se desenvolveu durante as últimas semanas reformáronse as aulas tamén en ambas plantas, reordenando espazos e introducindo outras melloras que suman un investimento de 39.355 euros. En concreto, executáronse os cambios de tabiques precisos para a nova distribución de espazos, pintáronse as paredes, instalouse falso teito de escaiola, pavimento novo a base de tarima



O delegado da Xunta con profesores do centro educativo.

flotante e novas luminarias tipo LED.

Balseiro explicou que con estas actuacións as aulas resultan máis amplas e confortables e o conxunto das instalacións gañan en comodidade e eficiencia. Ao respecto, lem-

brou que a consellería está a aplicar o principio de eficiencia enerxética en todas as súas intervencións, como ocorreu neste caso ao mellorar o illamento térmico coas novas ventás e reducir o consumo enerxético coas luminarias LED.

Medio Rural acondicionará camiños municipais en Carballedo

A conselleira do Medio Rural, Ángeles Vázquez, reuniuse en San Caetano co alcalde de Carballedo, Julio Yebra-Pimentel, para coñecer as necesidades e demandas dos veciños deste concello lugués relativas ao agro. Neste senso, analizaron as actuacións actuais en materia de mellora das infraestruturas viarias deste municipio. Así, nos últimos

dous anos o departamento que dirixe Ángeles Vázquez investiu uns 170.000 euros no arranxo dos camiños municipais, sendo a contía para este ano dun total de 75.020 euros. Grazas a estas achegas, salientou a conselleira, mellórase a comunicación viaria, o que redonda no fluído dos movementos das producións da zona e mellora a calidade de vida dos veciños.



O alcalde de Carballedo coa conselleira.

Galicia

Redacción

O PP pregunta polo arranxo da estrada de Vilamarín a Rozavales

O PP de Monforte preguntará no vindeiro Pleno ao alcalde polas xestións que se emprenderon dende o goberno local para darlle unha solución ao estado deplorable que presenta a estrada de titularidade provincial LU-P-3203 no treito que comunica Vilamarín e Rozavales. Os populares, que visitaron a parroquia de Santa María de Rozavales, comprobaron de novo a situación que ofrece esta infraestrutura viaria que dá servizo a un importante número de veciños da zona. “O seu asfalto presenta un desgaste considerable coa presenza de continuados buracos e afondamentos que urxen dunha actuación inmediata por parte da administración responsable”, reclama a voceira do Partido Popular local, Julia Rodríguez.

Julia Rodríguez explica que dende o grupo municipal popular se ten trasladado ao Concello as reivindicacións dos veciños que reclaman “maior atención por parte da Deputación e da administración local para que cumpran coas súas competencias e manteñan esta vía nas condicións necesarias”. Pese ás peti-

cións dos veciños e do grupo do PP, aos populares cónstalles que no plan de actuación de estradas aprobado polo organismo provincial non se proxecta unha intervención neste treito entre Vilamarín e Rozavales, polo que “queremos coñecer, en primeiro lugar, qué xestión fixo o Concello coa Deputación para que esta necesidade sexa atendida e, en segundo lugar, pediremos ao alcalde que tamén dea conta das previsións da Deputación en relación a esta infraestrutura”.

Riscos

A voceira dos populares reivindica que os veciños teñen o dereito de contar cuns servizos mínimos e, entre eles, atópase a necesidade de dispoñer dunhas vías de comunicación en condicións xa que o estado actual do firme da LU-P-3203 “entraña un elevado risco para a seguridade viaria”.

Dende o grupo municipal consideran un “atrevemento” que o alcalde estea a presumir dunha boa xestión no eido das infraestruturas viarias cando “nin é quen de actuar de xeito íntegro nas estradas da



Estrada provincial de Vilamarín a Rozavales.

súa titularidade, nin tan sequera é capaz de realizar con éxito as comunicacións oportunas con outras administracións para que os veciños reciban unha resposta en positivo e inmediata”. Ante esta situación, os populares invitan ao alcalde a que “non só se fixe noutras institucións, das que si reclama actuacións e sobre as que realiza declaracións críticas” e pídenlle “que amose esa mesma actitude nas zonas onde ten competencia ou nas que podería interceder de xeito máis directo, xa que as deputacións son os entes máis próximos aos concellos”.

O PP denuncia o asfaltado na parroquia de Marcelle

O grupo municipal do PP de Monforte denuncia a deficiente actuación de asfaltado que o Concello, gobernado polos socialistas, levou a cabo nos Palleiros. O goberno local acometeu unhas obras de asfaltado “incompletas” nas que nin se molestaron en limpar as cunetas nin en chegar co asfalto ata o final da vía. Os populares consideran esta intervención na parroquia de Marcelle “unha auténtica chapuza”, polo que lle piden ao Concello que aclare se dá a actuación por rematada ou se a deixaron a medias ante a incredulidade dos veciños e veciñas de que vaian deixar así a estrada. Desde o PP lamentan que a medida estrela do alcalde sexa o asfaltado de camiños e rúas, pero logo a realidade demostra que o estado no que quedan é deplorable, como así aconte-

ceu nos Palleiros. Tanto é así que a actuación non chegou ao final do camiño e, nalgúns vivendas, tampouco chega o asfalto ata as entradas. De feito, unha das vivendas quedou sen asfalto ningún. A voceira do PP, Julia Rodríguez, explica que “así calquera asfalta



metros de camiños cando non se limparon nin se prepararon as cunetas, non chegou o asfalto ás entradas e ata quedou unha casa sen asfalto. O que temos antes nós é unha obra a medias, incompleta e irrespetuosa cos veciños e veciñas que viven en Marcelle”, replican. Desde o PP aseguran que, de deixar así o camiño, terán que volver intervenir en poucos meses.

A oposición reproba ao alcalde de Ourense por segunda vez

O alcalde de Ourense, Jesús Vázquez Abad xa ten a segunda reprobación por parte da oposición municipal. O portavoz de Democracia Ourense, formación que forzou o Pleno extra de maio para debater e aprobar a reprobación de Jesús Vázquez, explicou que entre a anterior e esta está a necesidade de responder á sonatina de Vázquez Abad. A reprobación ca-

rece de efectividade algunha. Só cabe a moción de censura para desaloxar a un alcalde dunha Alcaldía.

Unánime, toda a oposición reproba ao alcalde do Partido Popular por segunda vez e denunciou en Pleno que a estratexia do rexedor municipal vai de culpar á oposición de todos os males dun Concello totalmente paralizado nun mandato xa agónico. Cando,

segundo a oposición, o grupo de goberno do Partido Popular é o responsable da “parálise”, a oposición “non só non a obstaculizamos, senón que lle axudou en varios temas como os contedores soterrados ou o plan de obras”, lembrou o portavoz de Democracia Ourense e o de Jesús Vázquez é o peor goberno “dende a fundación da cidade”, sinalou o portavoz do PSOE, Vázquez



Jesús Vázquez, alcalde de Ourense.

Barquero.

Para responder a todo isto e máis, o PP seguiu nas mesmas, e Xosé Araújo aludiu de novo ao “show” para a televisión de Democracia Ourense e de reprochar á oposición recibir

o seu apoio en só catro ocasións. É dicir, máis da culpabilidade de todos os males da cidade que os de Jesús Vázquez pretendían e pretenderían imputar á oposición de aquí a final de mandato.



Clientes na inauguración do establecemento.

Socios en Top


Iago Rodríguez Vázquez e Miguel Álvarez Falcón rexentan en sociedade desde abril o café Top Bar da rúa Prego de Oliver, no Couto, Ourense. Iago, aínda que é adestrador de fútbol sala, leva dous anos en hostalería e Mi-

guel cursou na Escola de Hostalaría de Vilamarín e exerceu en Allariz, Carballiño e Ourense. Agora deu o paso para levar un local con estilo propio. Top abre ás 7 da mañá e ás 10,30 os fins de semana.

Tapería dun cubano en Ourense

Tapería David ofrece almorzos, menús, comidas para levar e sobremesas. Frank David Nillar Castelán, cubano da Habana, leva dez anos en Ourense traballando en hostalería e agora no seu propio negocio ofrece produtos naturais con especial incapié en comida cubana. Arroz caldoso con pito e luriñas e con marisco; coc-

tel de camaróns; plátanos machu maduros e verdes recheos. Tamén comida mexicana. Tacos, fangible con tortilla, tenreira, pito, variedades de arepas e bocadillos cubanos. Os doces do almorzo e da sobremesa son feitos na tapería. O local abre diariamente ás 7 da mañá na rúa Greco. Os domingos abre ás 4 da tarde.



David traballou de cociñeiro na Praza da Revolución da Habana.



O Consorcio de Turismo Ribeira Sacra publica un libro sobre esgrafiados

Presentouse en Taboada a publicación "Esgrafiados na Ribeira Sacra. De tradición cultural a recurso turístico". O libro fai un repaso pola historia dos esgrafiados e conta cómo chegaron ao noso territorio. Describe aqueles recursos visitables, facendo especial fincapé nas intervencións realizadas polo Consorcio de Turismo Ribeira Sacra, co patrocinio da Axencia de Turismo de Galicia. As intervencións e a publicación forman parte dun completo proxecto de posta en valor deste singular patrimonio. O libro está composto por 154 páxinas, ilustradas con máis de 260 imaxes. Unha exhaustiva investigación sobre os esgrafiados, ademais do inventariado daqueles exemplares máis destacables en Ribeira Sacra. Con todo iso perséguese unha nova valorización destes revestimentos murais, do mesmo xeito que a sensibilización da veciñanza para dar a este legado unha continuidade no tempo. A publicación editouse en soporte dixital con versións en castelán e galego. Pódese descargar de forma totalmente gratuíta na páxina web, do mesmo xeito que poderá ser consultada en formato papel nos principais centros culturais e bibliotecas municipais de Ribeira Sacra.



Esgrafiado en Castro Caldelas.

Castro Caldelas

A intervención que aparece na foto realizouse nunha edificación situada no núcleo de Castro Caldelas (Ourense), declarado Conxunto Histórico Artístico no ano 1988, no que abundan os encintados. Castro Caldelas é un emprazamento acolledor de visitantes e miradoiro sobre o río Sil ao seu paso pola Ribeira Sacra. "Tentamos retomar a técnica tradicional do esgrafiado dándolle un valor engadido e contemporáneo, a combinación co muralismo. Sen dúbida, unha técnica totalmente novidosa que non pasará desapercibida aos ollos do visitante", dñ os responsables.

Como de costume nos proxectos de embelecemento do Consorcio de Turismo, aparecen reflexados diferentes motivos relacionados coas costumes e tradicións da Ribeira Sacra. Neste caso de Castro Caldelas, o percorrido do Irrio na procesión dos Remedios e a coñecida Festa dos Fachós son

os protagonistas da decoración. A edificación atópase próxima á fortaleza medieval, composta por pazo e castelo, en orixe da familia dos condes de Lemos. Preto, pódese visitar tamén o santuario neoclásico dos Remedios e a igrexa de Santa Isabel, do século XVI.

Consorcio

O Consorcio de Turismo Ribeira sacra celebrou sesión plenaria na sede da Asociación Ribeira Sacra Rural, en Vilela (Taboada). Aprobouse por unanimidade o orzamento de 2018 que ascende a un total de 217.555 euros. Segue unha distribución semellante a de anos anteriores, onde a partida principal provén da Axencia de Turismo de Galicia para investimento en promoción e creación de produto, mentres que as achegas dos concellos, entidades membro e deputacións vai adicada ao financiamento de soportes de información, patrocinios, gastos correntes de funcionamento e outras pequenas partidas de gasto.

A Xunta realiza obras na igrexa de San Francisco de Ribadavia

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria investirá 104.362,5 euros na reparación das cubertas da igrexa e da ala oeste do convento de San Francisco, na localidade ourensá de Ribadavia. O obxectivo da actuación é reparar os danos nas edificacións que conforman o conxunto do convento de San Francisco, ocasionados polas filtracións de auga. Deste xeito, os traballos contemplan a renovación da

cuberta da igrexa, coa colocación de novo entramado de madeira, lámina impermeable, placas de fibrocemento e cubrición de tellas cerámicas curvas vermellas. No caso das estancias adxacentes, limpanse, renováranse ou reparáranse os canlóns e baixantes en mal estado, reparáranse os remates de encontro lateral de faldón das tellas cos paramentos laterais e substituíranse as tellas rotas ou danadas.



En Marea pide que o Concello de Ourense asuma a xestión directa da casa de acollida

A situación da Casa de acollida de vítimas de violencia de machistas de Ourense será abordada no Parlamento de Galicia a proposta do GP de En Marea para pedir que esta casa teña unha xestión pública e estea atendida por profesionais como xa sucede noutros concellos de Galicia como A Coruña, Santiago ou Lugo. A situación da xestión desta casa de acollida foi denunciada por Ourense en Común, que a volverá a pleno no vindeiro mes de maio.

Na cidade de Ourense, a Casa de acollida de vítimas de violencia machistas leva anos sendo xestionada por unha fundación relixiosa vinculada á Igrexa Católica. En diversas ocasións, as monxas

adoratrices da Fundación Amaraforon as únicas que puideron acceder ao concurso para a xestión desta. Isto pode deberse ás facilidades para axustarse ao presuposto, xa que a maioría das horas de traballo imputáanse a unha parte da plantilla que non cobra ningún salario.

No recente proceso de adxudicación, o pasado 4 de abril, ningunha empresa presentou ofertas para obter a adxudicación deste servizo. Un concurso cun valor estimado de 100.000 euros anuais máis iver e un prazo de dous anos prorrogables polo mesmo período. O Alcalde anunciou que convocará un novo procedemento, para que continúe o servizo a partir do mes de xuño.

www.novasdoeixoatlantico.com

Visítennos

EIXOATLANTICO

JORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLARCIA

Expourense organiza Galisenior para o 9 e 10 de maio

Un dos principais eixos temáticos da 11ª edición de Galisenior, Salón Internacional das Persoas Maiores, que se celebrará en Expourense o días 9 e 10 de maio, será afrontar as necesidades dunha sociedade na que a meirande parte dos coidadores de dependentes son persoas maiores e propoñer accións e solucións para mellorar este contexto. Este obxectivo vense sumar aos das últimas edicións desta cita que son promover o envellecemento activo e a detección precoz da dependencia.

Para perfilar as actividades

que van ter lugar en Galisenior 2018 reuniuse en Expourense o comité organizador do salón. Unha ducia de expertos propuxeron os temas que se van abordar neste punto de encontro para os maiores, as súas familias e os profesionais do sector. En Galisenior celebraránse xornadas técnicas dirixidas aos profesionais e actividades dirixidas aos maiores. Na área expositiva participarán entidades e empresas para presentar produtos e servizos especializados. As xornadas técnicas profesionais estarán divididos en dous bloques.

Xornadas

O primeiro deles será o xa mencionado sobre as persoas dependentes ao cargo de maiores e incluírá tamén outros aspectos como o empobrecemento das persoas maiores, a calidade asistencial ou a prevención e tratamento do alzheimer. O segundo bloque de conferencias estará orientado a fomentar o envellecemento activo presentando experiencias como as que poden achegar os membros da SECOT nas que seniors apoian a emprendedores. Estas xornadas tamén recollerán testemuños vivenciais sobre cómo viven as persoas maiores nos casos nos



Reunión do comité organizador de Galisenior.

que supoñen o principal sustento económico dunha familia ou que son os principais coidadores dos netos. Entre as actividades dirixidas aos maiores, Galisenior 2018 ofrecerá un circuito sensorial cognitivo organizado pola Cruz Vermella, clases e obradoiros de cachibol e pilates. Pola súa parte, a Asociación Diabética Auria organizará

actividades orientadas a controlar e previr a diabetes.

Galisenior é a única feira destas características que se celebra no noroeste peninsular e que está especialmente dirixida a un núcleo de poboación que representa o 25% da demografía galega, ás súas familias e aos profesionais que traballan neste sector.

Novas oportunidades para empresarios do Carballiño

O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, reuniuse no Carballiño con empresarios e comerciantes da zona para dar a coñecer as medidas que a Xunta impulsa para crear novas oportunidades laborais e empresariais, ao tempo que os asistentes aportaron as súas suxestións.

Ao longo da reunión explicouse que, para o sector do comercio, a Xunta puxo en marcha este ano diferentes programas de axudas, que suman preto de 4,5 millóns de euros, entre os que destacan apoios por máis de 3,1 millóns para dixitalización e modernización das empresas comerciais e artesanais; unha liña dedicada á expansión comercial e novas fórmulas de comercialización, cun orzamento dun millón de euros; e unha iniciativa dotada con 255.000 euros para fomentar a comercialización da artesanía e o impulso da actividade do sector. Ademais, abriuse o prazo de solicitude para as axudas á formación en materia de artesanía.

Os asistentes coñeceron en



Xuntanza empresarial no Carballiño.

detalle as axudas do Igape para impulsar na Comunidade galega a actividade empresarial, con liñas de apoios desde o nacemento dunha idea ata a decisión de crear unha compañía, e para a súa consolidación e posterior internacionalización.

Con respecto ao ámbito do emprego, Conde referiuse aos programas de formación que ten en marcha a Xunta para adaptar os perfís dos profesionais ás demandas que está requirindo o novo modelo industrial. Neste senso, resaltou a formación para desempregados e ocupados que se imparte en centros homologados, así como as Unidades Formativas na Empresa, tamén dirixidas tanto a desocupados como a traballadores en activo.

Conde puxo en valor a figura

dos denominados concellos emprendedores, dirixida ás administracións locais que se adhiran ao convenio asinado entre a Xunta e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para colaborar na captación de investimentos para Galicia, un acordo enmarcado dentro da nova Lei de implantación empresarial.

O titular de Economía fixo especial fincapé nas vantaxes que aporta o novo regulamento para o desenvolvemento de iniciativas empresariais e industriais en Galicia. Así, as compañías interesadas en implantarse na Comunidade contarán cunha maior simplificación administrativa, máis facilidades no acceso ao solo industrial e máis incentivos fiscais.

Carballiño reformará a Biblioteca pública

O proxecto de reforma da Biblioteca pública municipal do Carballiño que ascenderá a preto de 200.000 euros, contará cunha subvención da Consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia de 70.000 euros. Así o confirmou o concelleiro de Educación e Cultura, Diego Fernández, ao presentar o proxecto de reestruturación e modernización das actuais infraestruturas.

O proxecto contempla unha mellora do sistema enerxético e a mencionada reestruturación e modernización das instalacións que levará a cabo en varias fases para que se poidan compaxinar as obras coa prestación do servizo. Agora mesmo, un obradoiro de emprego xa executa as reformas dos servizos que se sitúan na planta baixa, a cuxa conclusión se acometerá a reforma integral desta plan para situar aquí unha sala de



Diego Fernández, edil de Cultura.

estudo independente do resto de servizos da Biblioteca.

Cálculase que os traballos para completar todo o proxecto tardarán un ano en levar a cabo na súa totalidade, e insistiu Diego Fernández que, en tanto, tentarase por todos os medios manter operativa a Biblioteca. O concelleiro tamén aludiu a outro aspecto relativo a persoal, e afirmou que a nova Relación de Postos de Trballo do Concello contempla a praza de bibliotecario/a, co que deberán quedar emendados os problemas de falta de persoal que vén padecendo o servizo desde hai xa anos.

Novas da Raia

Redacción

A internacionalización e o turismo deportivo marcaron a actividade de Expourense en 2017

Expourense presenta os datos do ano 2017 que profundizou na liña da internacionalización e na cooperación público-privada, factores clave da súa actividade para contribuír a xerar novas oportunidades de negocio ás empresas galegas. Durante o 2017 Expourense celebrou 11 feiras, 2 das cales (Xantar e Termatalia) foron internacionais o que supón que Expourense organizou a metade das citas internacionais celebradas en Galicia o ano pasado. A presenza de 940 expositores e 89.000 visitantes procedentes de 46 países reforza á internacionalización como un dos grandes eixos da actividade de Expourense durante o pasado ano no que o recinto reforzou a súa rede de socios estratéxicos en Europa e América La-

as premisas baixo as que desenvolveu a súa actividade en 2017 a Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense, Expourense, que se consolida como unha plataforma que contribúe, a través da organización de citas únicas, a fomentar a competitividade das empresas galegas e a facilitar contactos internacionais, sobre todo en sectores estratéxicos como o termalismo, a enogastronomía ou a automoción, e aos que se engade agora o deporte. Por todo o anterior, as feiras e eventos promovidos por Expourense exerceron de axente dinamizador da actividade económica galega conseguindo ademais a involucración dos empresarios e fomentando o asociacionismo.

Novidades

Na súa busca de novos ni-

mercio local especializado.

Entre os certames profesionais celebrouse a 18ª edición de Xantar, que contou con Panamá como país invitado. De carácter bienal, tamén se celebrou en 2017 a 7ª edición de Vinis Terrae que reuniu a 60 adegas galegas con 100 importadores procedentes de 19 países que representan mercados de interese para o viño galego. Termataliar, volveu ser unha das grandes citas do ano para esta Fundación reunindo a máis de 250 expositores de 40 países.

No referente ás citas de carácter mixto celebrouse unha nova edición de Previsel, Salón da Prevención e Seguridade Laboral, o único salón destas características en Galicia e que consegue a involucración activa de todos os axentes vencellados á prevención.

Aposta local

Expourense tamén organizou en 2017 citas orientadas ó público xeral de carácter comercial que convocaron a diferentes sectores, servindo de plataforma especialmente para o comercio local e contando co apoio de asociacións empresariais como é o caso dos centros comerciais abertos ou de A.C.A.U.T.O. (Asociación de Concesionarios de Automóviles de Ourense). Con esta última, Expourense coorganizou a 9ª edición do Salón do Automóbil (Novo e de Ocasión) que é unha das citas que xenera maior volume de negocio con máis de 400 vehículos vendidos.

No 2017 cumpriu a súa maioría de idade Celebra, Salón de Vodas, Bautizos, Comuñóns e Actos Sociais que volveu contar cunha pasarela de moda na que as empresas ourensáns mostraron a calidade e a innovación coa que traballan. O resto de citas do ano foron a 24ª Mostra



O acto foi presentado por Emma González, directora adxunta de Expourense.

da Oportunidade e Megaxove, 18º Salón da Xuventude.

Internacional

No referente á actividade feiral de Expourense é preciso apuntar a promoción que dos distintos salóns, e dos sectores vencellados a eles, se realizou durante todo o ano nunha vintena de exposicións que tiveron lugar noutros puntos de Galicia, España, Europa e América Latina. Citas como Xantar, Termatalia ou VINIS TERRAE estiveron presentes nas principais feiras internacionais vencelladas ó turismo (FITUR Madrid, BTL Lisboa, ITB Berlín, etc.) e nos foros profesionais máis importantes dos correspondentes sectores, proxectando polo tanto a "marca Galicia".

Deste xeito, Termatalia 2017 e o potencial termal de Galicia e Ourense foron presentados, entre outros foros profesionais, no Congreso da Asociación Latinoamericana de Spa en México; no Encontro Anual da Asociación Europea de Cidades Termais (EHTTA) en Caldas da Rainha (Portugal); no Congreso Anual da Asociación Europea de Balnearios celebrado en Roma; no Tianguis Turístico de México, no FIT Cataratas de Brasil, na Health Tourism Conference de Croacia ou no Congreso Internacional de Calidade Turística en Colombia.

Outras citas como Xantar e Vinis Terrae, a Consellería de Medio Rural colaborou con Expourense para facer posible a presenza nestas citas de pequenos produtores, viticultores. e colleiteiros.

estratéxico de Expourense no país veciño. Para realizar este labor, Expourense conta na actualidade cunha rede integrada por 30 delegacións que operan en máis de 50 países de catro continentes.

Por outro lado, no 2017 asináronse dous importantes convenios para a celebración de dous eventos relevantes que terán lugar no 2018 e que contribuírán de novo a posicionar a Ourense nacional e internacionalmente. O primeiro deles foi o asinado en Foz do Iguaçu para converter a esta cidade na sede de Termatalia Brasil 2018, o proxecto máis internacional de Expourense. O outro gran evento previsto para este ano será a Semana Internacional do Baile Deportivo de Ourense, unha cita que reunirá a 3.000 participantes entre o 22 e o 24 de xuño, que terá lugar no Pazo dos Deportes "Paco Paz" e en Expourense.

Microempresas

Durante o 2017, Expourense presentou de novo alternativas de apoio aos empresarios poñendo en marcha distintas accións destinadas a autónomos e microempresas. Máis de 40 emprendedores puidéronse beneficiar de taxas bonificadas que lles permitiron contactar con novos clientes, e deste xeito fomentar o crecemento da súa empresa, tamén a nivel internacional. En salóns como Xantar e Vinis Terrae, a Consellería de Medio Rural colaborou con Expourense para facer posible a presenza nestas citas de pequenos produtores, viticultores. e colleiteiros.



Intervención de Alejandro Rubín, director-xerente de Expourense.

tina, rede que se estendeu ademais a Oriente Próximo e Asia-Pacífico.

O ano 2017 foi de transición no que o recinto buscou a compatibilidade entre a actividade feiral e a deportiva. "Foi un gran reto que se fixo realidade e o reto para 2018 e acadar a compatibilidade total. Expourense segue a ser un referente e o buque insignia da actividade feiral en Galicia", tal e como explicou a directora xeral de Comercio. Estas son

chos de mercado para as empresas expositoras, Expourense estreou en 2017 dúas feiras: o xa mencionado Salón do Deporte e Turismo Activo - Sportur Galicia que naceu co obxectivo de dar a coñecer Galicia como destino activo e saudable e promocionar a multitude de opcións que esta comunidade ofrece para os afeccionados ao deporte e ás actividades ó aire libre; e Bebeja, Mostra do Bebé de Galicia que xurdiu como un escaparate do co-

Presentado un estudo científico que avala a eficacia terapéutica das augas das Burgas

O estudo Eficacia de las aguas mineromedicinales en pacientes con fibromialgia vén demostrar o que xa todos sabíamos: que a nosa cidade alberga un tesouro nas súas augas. Así resumía o alcalde de Ourense, Jesús Vázquez, o resultado dun estudo de Natalia Calvo e Reyes Pérez, investigadoras da Escola Universitaria de Enfermería, realizado na piscina termal das Burgas. Trátase do “primeiro traballo científico que estuda, avalía e avala a eficacia terapéutica das augas termais, minero-medicinais de

Ourense”, en palabras de Jorge Pumar, concelleiro de Turismo e Termalismo.

Desenvolvido ao longo de máis dun ano nestas instalacións municipais, o estudo é fruto dunha colaboración establecida entre o Concello e a Escola, centro público adscrito a Universidade de Vigo e dependente do Sergas. Tal e como explicou o Pumar, existe a vontade de continuar esta liña de traballo coa Escola, concretándoa “na firma dun protocolo para seguir avanzando por este camiño: a posta en valor ante os profesionais

dunhas augas termais que, ademais dun recurso turístico e de lecer son, ante todo, mineromedicinais, unha fonte de saúde a disposición dos ourensáns”, dixo Pumar.

“O Concello de Ourense non pode facer outra cousa que aproveitar este tipo de sinerxias e apoiar os profesionais que poden axudarnos a desenvolver proxectos”, resumía Vázquez Abad. “Proxectos de futuro, que creen riqueza e desenvolvemento sostible para a sociedade do futuro, que nos sitúen coma unha cidade pioneira e innovadora, na van-



Piscina termal das Burgas.

garda da investigación e no aproveitamento das augas termais”.

Por iso, a investigación sobre os usos terapéuticos das augas seguirá adiante nas diferentes instalacións termais da cidade, pois cada unha dela

posúe unhas propiedades diferentes. Investigacións coma esta abren tamén a posibilidades do turismo de saúde termal: “Son moitos máis os turistas que nos visitan por este motivo dos que cremos”, resumía o alcalde.

...Ven da páxina anterior.

Innovación e calidade

A confluencia nas feiras e eventos celebrados en Expourense dos axentes públicos e privados implicados nos sectores económico converte en estas citas no escenario axeitado para recoñecer publicamente a aposta pola innovación, a calidade e o emprendemento dos empresarios, traballadores e futuros profesionais. Deste xeito, Expourense entregou no 2017 unha nova edición dos “Premios Xantar Internacional” e dos “Premios Termatalia Internacional” que recoñeceron a aquelas entidades e empresas que fixeron unha firme aposta por estes salóns presentando produtos novidosos ou desenvolvendo múltiples accións promocionais. Celebrouse ademais a 7ª edición dos Premios Líderes en Calidade, outorgados a cinco empresas galegas que destacaron como base da súa actividade a capacidade de adaptación ó novo contexto empresarial xurdido da conxuntura económica actual. Esta edición incluíu unha mención especial

para a Confederación Empresarial de Ourense, CEO, que recoñecía os seus 40 anos de traxectoria. Ademais, a innovación estivo presente de xeito transversal no calendario feiral con actividades como a 11ª Xornada de Divulgación das Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética que estivo centrada na arquitectura sostible.

Formación

No 2017, Expourense fixo un importante esforzo á hora de promover, organizar e acoller xornadas, cursos e seminarios de formación ou actualización profesional. Nas diversas convocatorias, ben complementando ás feiras ou de xeito individual, participaron máis de 300 relatores nacionais e internacionais. Foron seguidas por máis de 10.500 asistentes.

Cabe destacar a estreita cooperación que Expourense mantén coa Universidade de Vigo e que se materializaron o ano pasado na celebración no recinto do II Simposio Internacional sobre Auga e Calidade de vida, xunto co Concello de Ourense e a Deputación Pro-

vincial. Este tipo de cooperación tamén se mantén coa Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa ao facilitar desde a Fundación a participación de alumnos dos distintos ciclos formativos de toda Galicia nas feiras que promove para que teñan un contacto directo cos sectores. Expourense é un centro homologado para impartir capacitación profesional a través dos cursos do Plan de Accións Formativas para Desempregados (AFD). Durante o 2017 impartíronse aquí catro cursos.

As instalacións de Expourense foron o escenario elixido para a organización dunha trintena de eventos de distintas entidades públicas e privadas. Estas citas indican que outras empresas confían nas infraestruturas e soporte de Expourense para organizar as súas actividades.

Pista de Atletismo

A instalación da pista cuberta de atletismo no 2017 supón para este recinto unha nova oportunidade de diversi-



ficación da actividade. O 16 de decembro de 2017 inaugurábase en Expourense a única pista de atletismo hidráulica cuberta do Noroeste Peninsular. Cun investimento de 3 millóns de euros, ten 200 metros e dispón de oito cales na parte central e seis na periférica, que permiten desenvolver diversas disciplinas. O proxecto, impulsado pola Xunta de Galicia, permite contar a Ourense coa pista de atletismo cuberta máis moderna de España, unhas instalacións que se sitúan entre o tres mellores do Estado e que permitirán que a cidade acolla competicións deportivas nacionais e internacionais e garantindo unha intensa ocupación do recinto nos meses de inverno. Durante o primeiro

mes de funcionamento da pista, houbo competicións todas as fins de semana.

Labor Social

Expourense ten ademais como obxectivos a promoción de actividades e accións sociais e educativas, que se reflicten na colaboración con asociacións e organizacións que traballan a prol da sociedade, dende os máis diversos ámbitos. Expourense colabora activamente con entidades como o Banco de Alimentos de Ourense, DIME Ourense, Alcer, Asociación Diabética Auria. Con todo isto, o obxectivo da Fundación Expourense é continuar a ser un eixo vertebrador no que empresas, colectivos e sociedade en xeral atopan o seu punto de encontro.

Novas da Raia

Redacción

O equipo de goberno reafirma o seu interese en que a aula da UNED continúe a súa actividade en Tui

O Concello e a nova dirección do Centro Asociado de Pontevedra están a traballar para atopar unha solución estable

O equipo de goberno do concello de Tui, presidido por Carlos Vázquez Padín, reafirma o seu interese na continuidade da aula da UNED en Tui e sae ao paso do comunicado emitido polos catro grupos da oposición sobre a situación na aula da UNED.

Dende o Concello fanse as seguintes precisións:

O Concello de Tui está interesado en que a Aula da UNED continúe dando o seu servizo en Tui, en concreto o curso de aceso a maiores de 25 anos e o grado de Psicoloxía.

É verdade que nos últimos meses e a pesar do esforzo, mesmo persoal da concelleira, o funcionamento da UNED se viu afectado pola falta de conserxe, outra cousa é que esa falta sexa achacable ao concello de Tui, en moitas outras aulas da UNED en España son os padroados os

encargados da contratación dos conserxes, en Tui a UNED di que non pode facelo por limitacións na taxa de reposición dos empregados públicos.

É falso que o concello non sufrague o gasto que implica ese conserxe, a cantidade está consignada nos orzamentos, o problema non está non está no financiamento senón na contratación, tanto UNED como Concello de Tui encóntranse con obstáculos legais para realizar esa contratación, e ese é o único punto en cuestión, quen contrata? debe o concello contratar de forma manifestamente irregular, por non dicir ilegal, como no pasado?. O actual equipo de goberno cre que o Concello de Tui é unha institución tan digna de respecto como a propia UNED.

O concello e a nova dirección da UNED en Pontevedra estamos traballando para encontrar unha solución estable ao actual problema que agardamos se poida concretar no inicio do vindeiro curso.

Tui conmemora o Día do Libro apoiando a liberación de exemplares

A concellería de Cultura e Patrimonio promove a actividade de BookCrossing no conxunto histórico da cidade

O Concello de Tui, a través da súa concellería de Cultura de Patrimonio, está a promover unha liberación de libros no conxunto histórico da cidade con motivo da celebración, o 23 de abril, do Día do Libro.

O obxectivo é promover a lectura e incentivar a participación activa da veciñanza na cultura, así como poñer o foco de atención no patrimonio da cidade. Neste senso cabe destacar que a concellería de Cultura e Patrimonio pretende que sexa unha actividade enmarcada tamén no Día Inter-

nacional dos Monumentos e Sitios, e que teña o Ano Europeo do Patrimonio 2018 como marco xeral.

Con esta proposta anímase aos tudenses a liberar libros nos lugares públicos máis emblemáticos da cidade a través da iniciativa BookCrossing, un proxecto que comezou en 2001 nos Estados Unidos e que xa se ten convertido nun fenómeno global para compartir con outras persoas as sensacións vividas durante a lectura. BookCrossing permite seguir a viaxe dos libros, que son rexistrados previamente na páxina web www.bookcrossing-spain.com, de xeito que se pode facer un rastrexo dos desprazamentos de cada texto.

Ábrese a poxa para adxudicar a cafetería do Centro Cultural de Atios

A comunidade de montes de Atios abre o prazo de presentación de ofertas para a xestión da cafetería do Centro Social e Cultural de Atios, que está situado no torreiro da Guía, no centro da parroquia.

Establécese un prezo de partida da poxa de 150 euros mensuais, en concepto de alugueiro. Os arrendatarios deben asumir tamén a limpeza da cafetería e dos espazos comúns do resto do centro social. Valorarase a experiencia no sector e a calidade que se ofrezca no servizo. As bases poden recollerse no centro social, chamando previamente ao teléfono 606 96 81 35.

A cafetería ten case douscentos metros cadrados de superficie, incluída unha terraza exterior cuberta. Dispón



de todo o mobiliario na barra e na cociña necesario para o negocio de hostalería. As instalacións amplas e acondicionadas conforme a normativa vixente. A carón do centro social hai un parque infantil e un xardín fronte ao edificio que pode ser utilizado como terraza.

Os interesados teñen de prazo para a presentación de ofertas en sobre pechado ata o día 14 de maio, ás 21:30. Nesa data, ante a presenza dos interesados e de membros da xunta reitora da comunidade de montes, abranse os sobres e darase a coñecer o resultado da poxa.

Avanzan as obras en Contrasto

Rematou o asfaltado no barrio do Contrasto, en Torneiros, para tapar o pavimento nas zonas da catas realizadas polos técnicos da Xunta de Galicia que tomaron mostras para a realización dun 'mapa' sobre a presenza de lindano.

As obras, financiadas polo Concello do Porriño, contaron cun orzamento dun 30.000€

destinados, ademais da realización do asfaltado, ao transporte de contedores e xestión das terras.

Para as vindeiras semanas está previsto o inicio dos traballos para levar a rede municipal de saneamento a todas as vivendas deste barrio. Hai que lembrar que este proxecto, que estaba xa deseñado a finais do ano pa-



sado, e que contará cun orzamento de 350.000€ que será asumido na súa totalidade con fondos municipais.

Concello e COAG convocarán un concurso internacional para reordenar a beira urbana do río en Tui

O Concello de Tui presentou unha proposta preliminar de convocatoria dun concurso internacional de ideas de reordenación do fronte fluvial.

O concurso contemplaría tres premios de 15 mil euros para o proxecto gañador, que

realizaría amais o proxecto, 10 mil para o segundo clasificado e 5 mil para o terceiro. No xurado estarían presentes as distintas administracións con competencia no espazo de actuación coma Costas, a Confederación Hidrográfica Miño Sil, e as consellerías de

Cultura e Medio Ambiente.

O financiamento da convocatoria deste concurso de ideas, cun importe de 36 mil euros, foi levado ao pleno ordinario deste mes con cargo ao remanente de tesourería.

O alcalde considera o proxecto estratéxico.

Esquerda Unida constata os incumprimentos na xestión do CD Álvaro Pino

Esquerda Unida rexistrou unha proposta no Concello de Ponteareas na que insta ao Alcalde a realizar un informe técnico sobre a xestión do Complexo Deportivo Álvaro Pino.

O 1 de agosto de 2011 foi formalizado o contrato de concesión e cesión da explotación do servizo público do complexo deportivo municipal Álvaro Pino do Concello de Ponteareas coa empresa Insdega XXI S.L. Un contrato de 15 anos de duración coa posibilidade de prorrogalo 10 anos máis.

Este contrato está suxeito aos pregos de cláusulas administrativas e técnicas que contemplan, entre outras cousas, a obriga do concello a facerse cargo do 25% dos custes da enerxía eléctrica, o que supón un gasto para o concello duns 20.000€ anuais, e asumir os recibos de auga e lixo.

Por outra banda, establece a obriga da empresa concesionaria de facerse cargo do mantemento e limpeza das instalacións, das reformas menores e unha inversión mínima no primeiro ano do contrato de 185.000€.



A maiores na oferta da empresa, segundo a que esta obtivo a puntuación necesaria para facerse coa concesión, contemplábanse unha serie de inversións por valor de 451.065,62€, IVE incluído, de acordo a un calendario establecido pola propia empresa. Estas inversións consistían en : construción de spa ou zona wellness, adecuación da piscina pequena, electrólise salina, piscina exterior, nova sala de actividades, división da actual sala, nova aula en pavillón, equipos salter para a 3ª idade, sistema de renovación de aire, adecuación de dúas salas como vestiarios e sala de servizos complementarios, equipamento de enfermería, reformas no pavillón, reformas na piscina, aplicación da auditoría enerxética e pista de pádel.

Esquerda Unida considera que

a empresa concesionaria pode non estar cumprindo con todas as obrigas contempladas nos pregos. A agrupación puido constatar por exemplo, a falta de mantemento da pista do pavillón anexo á piscina, e entenden ademais que non todas as obras contempladas como “outra inversión” foron realizadas de acordo ao calendario proposto pola propia empresa. Ou directamente non foron feitas.

Esquerda Unida entende que é unha obriga do concello velar polo cumprimento do contrato por parte da empresa concesionaria e aplicar -de darse o caso- as pertinentes sancións, feitos polos que propuxeron ao Alcalde de Ponteareas facer un informe sobre o cumprimento do contrato e dar conta do mesmo aos Grupos da Corporación Municipal.

O PSdeG-PSOE de Ponteareas considera insuficiente o Decreto Lei de Rajoy que limita a reinversión social do superávit do Concello de Ponteareas

A Secretaria Xeral do PSdeG-PSOE de Ponteareas, Chus Garrote, acusa ao Partido Popular e ao Presidente do Goberno, Mariano Rajoy, de non cumprir coa palabra dada á FEMP e ao seu presidente, Abel Caballero, para que os Concellos poidan reinvestir o 100% do seu superávit en políticas sociais.

Chus Garrote asegura que o actual decreto do goberno de Mariano Rajoy impide que os concellos como Ponteareas poidan reinvestir o seu superávit en políticas sociais, plans de emprego, igualdade e vivenda e, en definitiva, que os concellos dispoñan de máis flexibilidade no seu gasto corrente. “O Decreto Lei de Rajoy vai en contra dos intereses dos ponteareáns” sinala a Secretaria Xeral socialista.

Doutra banda, o Grupo Municipal Socialista acusa ao Partido Popular de limitar de maneira inxusta e inxustificada as políticas sociais nos Concellos como o de Ponteareas, cuxo goberno progresista levou a cabo unha xestión económica impecable nestes tres anos de goberno.

Neste senso Chus Garrote tamén apunta directamente ao Partido Popular de Ponteareas e a súa voceira Belén



Villar como co-responsables pola súa pasividade ante o decreto de Rajoy, un decreto que os socialistas cualifican como inxusto e insensíbel cos ponteareáns. “Seguiremos facendo política social aínda que ao PP lle moleste” manifesta Garrote.

Chus Garrote sinala que “Mariano Rajoy está pagando cos concellos a súa incapacidade para aprobar en tempo os Orzamentos para 2018” e sinala que a norma aprobada polo Goberno non é o suficientemente flexible para as necesidades dos ponteareáns.

Desde o PSdeG-PSOE de Ponteareas, sinalan, seguirán reclamando que se cumpra coa Constitución Española e se lle devolva a autonomía local aos concellos, para que así poidan executar as súas competencias e xestionar os seus recursos para levar a cabo os programas, medidas e servizos públicos que se necesitan para defender o Estado del Benestar.

EU denuncia o silencio do alcalde no tema do Lindano

O pasado día 20 de febreiro deste ano, ante unha proposta de Esquerda Unida, o alcalde de Ponteareas comprometeuse a dar explicacións antes do pleno de marzo sobre as actuacións realizadas polo concello con respecto á vertedura de lindano nunha canteira de Parada na parroquia de Xinzo.

A proposta presentada por EU solicitaba que se pediran explicacións ao Concello de O Porriño e á Xunta de Galicia con respecto ás actuacións levadas a cabo cando se trasladaron terras contaminadas por lindano dende as obras de sa-



neamento no barrio de O Contrasto no concello de O Porriño ata a canteira, así como das levadas a cabo para a súa descontaminación.

Esquerda Unida denuncia que a día de hoxe, cando xa pasaron dous plenos dende aquel com-

promiso, o alcalde de Ponteareas segue sen dar explicacións. Tampouco ten a información de se o Concello de Ponteareas realizou algún tipo de actuación ao respecto.

Grazas ás preguntas realizadas pola deputada de EU

puidemos saber que na actualidade aínda non está feito por parte da Consellería de Medio Ambiente o Proxecto Detallado de Descontaminación, xa que afirman, seis meses despois de ter coñecemento da vertedura, estar a agardar polos resultados da investigación exploratoria contratada

pola empresa explotadora da canteira.

Esquerda Unida considera que estamos ante un deixamento con respecto a un problema grave de contaminación dun produto altamente tóxico, tanto por parte da Xunta de Galicia como por parte dos concellos de O Porriño e Ponteareas.

Novas da Raia

Redacción

Salceda contará este ano co seu I Plan de Mobilidade Sustentable

O Concello de Salceda traballa na redacción do I Plan de Mobilidade Sustentable, co apoio da Deputación de Pontevedra, que fará unha aportación de 15.000 €, dos 19.965 € que custa o proxecto. O obxectivo fundamental é o de establecer o libro de ruta que seguir nas vindeiras actuacións que se leven a cabo, na liña de seguir a recuperar a vila para as persoas. É importante, sobre todo, garantirlles aos nenos e nenas a súa autonomía para saír da casa, para ir xogar cos amigos e amigas e para ir a escola a pé e sós/soas; hai que garantirlles tamén ás persoas con diversidade funcional percorridos sen barreiras e con solucións de continuidade; á terceira idade, pasos de peóns e encrucilladas seguras... En definitiva, o PMUS busca asegurarlle a toda a cidadanía unha posibilidade real de movemento, de ir á escola, ao traballo e a divertirse por outros medios que non sexan o coche particular, e darlle prioridade a ir a pé ou en bicicleta, correspondéndose coa liña que humanizacións e recuperacións de espazos públicos que está a



desenrolar o Goberno Municipal dende o ano 2007.

A pesares dos esforzos que leva realizado o Concello en humanizar diversas rúas, o certo é que a día de hoxe só un 16,6% da superficie total das rúas do casco urbano está adicado a beirarrúas, só un 1,6% das rúas son de uso peonil, e un 87% das beirarrúas teñen menos de 1,80 metros de ancho. Estas cifras veñen a demostrar a necesidade dun Plan de Mobilidade como este, que o Equipo de Goberno espera ter rematado e aprobado neste ano 2018.

O tecido asociativo terá un papel importante na redacción do PMUS, para o que a empresa

encargada da redacción do plan realizará diversas Mesas de Participación Cidadá o vindeiro mércores 3 de maio ás que se convidaran ás asociacións así como a outros colectivos de interese (Protección Civil, Policía Local...).

Marcos Besada, Alcalde de Salceda: "Levamos dado importantes pasos na recuperación do espazo público para as persoas. Salceda busca converterse en referente dentro das Cidades dos Nenos e das Nenas, e sen dúbida o PMUS será unha ferramenta de enorme valor para seguir a traballar neste obxectivo. Seguiremos a construír unha vila pensada para as persoas".

Curso de introducción á administración electrónica para asociacións

A partir do mes de outubro será obrigatorio a relación coas Administracións Públicas a través da Sede Electrónica de cada unha, tanto para persoas físicas como xurídicas, nese ámbito están incluídas as Asociacións Culturais e Deportivas, que deberán tramitar de xeito telemático tódalas solicitudes, incluídas as do propio Concello. Dende solicitudes de subvencións a solicitudes de permisos de festas ou locais, citas para a Oficina de Emprego, para trámites coa Seguridade Social... Tendo en conta que un gran número de persoas que pertencen ao tecido asociativo municipal son persoas maiores e que descoñecen este tipo de procedemento dende o Concello viron a necesidade de ofrecer un curso formativo para orientalos e introducilos neste novo procedemento, e que será dende outubro obrigatorio para relacionarse coas Administracións Públicas.

Neste curso que terá unha duración de 9 horas divididas en tres días, 12, 19 e 26 de maio, sábados, de 10 a 13.00h na aula de Informática da



Casa de Cultura de Salvaterra, e que está dirixido por persoal cualificado, farase unha introdución para adquirir os coñecementos básicos para o manexo do certificado electrónico, a solicitude de axudas e subvencións a través das sedes das Administracións e demais trámites.

Neste Curso terán prioridade os membros das Asociacións Municipais, unha praza por cada entidade, de quedar prazas vacantes terán acceso ao curso toda aquelas persoas que se inscriban, por orde de Rexistro de entrada.

Dende o Concello recordan que os interesados deberán ter activado o chip do DNI electrónico que se realiza na Comisaría da Policía Nacional sen cita previa.

Institutos de Arteixo, Porto do Son, Poio e Gondomar unidos polo camiño portugués

Os ciclos formativos de "Actividades físico-deportivas no medio natural" que se imparten en Galicia realizan o Camiño portugués pola costa desde Gondomar para especializarse tanto no guiado de grupos como na valorización do patrimonio cultural.

Os días 16, 17 e 18 de abril alumnado e profesorado procedente dos institutos de Poio, Terra de Turonio de Gondomar (Pontevedra), de Sabón (Ar-

teixo) e Porto do Son (A Coruña) reuníronse no IES Terra de Turonio para realizar o camiño portugués pola costa a partir de Gondomar. O primeiro día foi de convivencia e coordinación entre o profesorado e alumnado dos catro institutos. O camiño realizouse en dúas etapas. O día 17 saíron de Gondomar a Nigrán pasando por Vigo, Redondela, Pontevedra (con visita ao casco histórico) para pasar a noite

en Caldas de Reis; despois de facer 90 quilómetros, aloxáronse nun albergue.

O día 18 fixeron 50 quilómetros entre Caldas de Reis e Santiago de Compostela, pasando por Padrón e Teo.

Na capital de Galicia visitaron a catedral e o núcleo histórico para coñecer os principais itinerarios para facer con grupos

A práctica de condución de grupos en bicicleta é un dos módulos que se imparten nes-

tes institutos ademais de montañismo a cabalo e sendeirismo polo medio natural. Este alumnado recibe unha formación práctica conectada co mundo laboral que posteriormente realizarán

nas prácticas en empresas. Un grupo do IES Terra de Turonio de Gondomar realiza estas prácticas en Malta, Portugal e Italia ao abeiro do programa Erasmus+.



Salvaterra entrega detectores de fume para os maiores de 65 anos

O Concello de Salvaterra de Miño, a través da Concellería de Servizos Sociais que dirixe Marta Valcárcel Gómez, informa que se pon a disposición das persoas maiores de 65 anos, preferiblemente que vivan soas, un detector de fume para a súa vivenda, de mínimo mantemento e de fácil colocación.

A entrega destes detectores nace dun convenio entre o a Axencia Galega de Emerxencias para a xestión e prevención de emerxencias na zona transfronteriza, no marco do proxecto ARIEM 112 (Asistencia recíproca interrexional en materia de emerxencias), cofinanciado pola Unión Europea a través do Programa de Cooperación Transfronteriza España – Portugal (POCTEP), o Con-



sorcio Provincial para a prestación do servizo contra incendios e salvamento e o Concello de Salvaterra de Miño.

O Concello de Salvaterra nestes intres e o único do Condado Paradanta que gaña poboación, e dos poucos da provincia, cun número elevado de nacementos por ano e con unha incipiente poboación nova, pero tamén é verdade que conta cun número considerable de persoas maiores

que viven soas, e co fin de aumentar a seguridade neses fogares ratificou este convenio de colaboración. Dunha maneira sinxela as persoas maiores de 65 anos poderán dispor no seu fogar dun detector de fume cunha guía de consellos, onde lle explica de forma moi fácil como colocalos, onde se colocalos, como é o seu mantemento e as precaucións que debemos ter en conta.

Mondariz pide á Deputación unha proposta alternativa para o arranxo da PO-4306 de Ponte do Val a Barciademera

O Concello de Mondariz vén de poñer en coñecemento da Deputación provincial as dificultades atopadas á hora de realizar os traballos de recollida de datos, previos á realización da mellora da estrada provincial PO-4306 de Ponte do Val a Barciademera.

Dita obra é considerada polo Executivo local como “de extraordinaria importancia” para o Concello dado que, sinalan “non só é unha vía de comunicación co veciño concello de Covelo, senón que é a única conexión que teñen os veciños da parroquia de Sabaxáns para acceder ao núcleo urbano de Mondariz”.

Na actualidade, esta vía de comunicación é unha estrada excesivamente estreita, “tanto

que o transporte público ten serias dificultades para transitar por ela”. Dada a importancia desta vía, o Concello solicitou á Deputación de Pontevedra o seu arranxo como titular da mesma, tendo a administración local que desenvolver os traballos premios de recollida de datos e contacto cos propietarios afectados.

Unha vez realizados estes trámites previos, o Goberno local vén de comunicar á Deputación “as dificultades ou incidencias” atopadas como e o feito de que, algúns veciños, “non están dispostos a asinar a cesión dos terreos afectados ao considerar que se deben formular outras opcións”.



Á vista da situación, o Concello vén de pedir á Deputación “a elaboración dunha proposta alternativa”, proposta que, sinala o alcalde Montes Bugarín, “sería consensuada entre a Deputación, o Concello e os veciños e veciñas” ofrecéndose o Concello de Mondariz para prestar “toda a colaboración posible “tanto á hora de elaborar unha proposta definitiva coma á para colaborar coa veciñanza”.

200 escolares pasan polas V Xornadas de Educación Vial en Salceda

O Concello de Salceda, a través das Concellerías de Tráfico e Ensino, ven de poñer en marcha a quinta edición das Xornadas de Educación Vial,



en colaboración coa DXT, que se iniciou o martes 24 de abril. Tralo éxito acadado nas anteriores edicións, a experiencia volve a Salceda neste 2018. As xornadas están dirixidas aos escolares do municipio de 1º e 2º de Educación Primaria, que reciben formación teórica e práctica en materias de educación vial.

Na parte teórica, que se celebrou o venres 20, ofrecéuselle ao alumnado unha sesión sobre os principais conceptos de seguridade infantil. Entre martes e mércores os alumnos e as alumnas accederon a un circuito no que poñer en práctica os conceptos

adquiridos na formación teórica. O circuito está dirixido polos membros da Policía Local de Salceda, que lles dan aos cativos as instrucións precisas para unha correcta circulación pola vía pública, tanto dende o punto de vista dos condutores, que o fan en bicicletas e monopatíns, como dos peóns.

Máis de 200 escolares pasaron polas xornadas, co obxectivo de concienciar, como unha importante vía para chegar aos pais e nais, en todo o relacionado coas boas prácticas nas vías públicas. Os nenos e nenas recibiron ademais agasallos conmemorativos do seu paso polas xornadas.

Salceda reclama o fin das obras da A55 e da peaxe da AP9

O pleno aprobou por unanimidade unha moción do PSdeG-PSOE na que se pide a fomento a liberalización da peaxe AP9 e o remate das obras da A55



A voceira do grupo socialista Verónica Tourón apelou na súa exposición a que “esta situación causa graves prexuízos ós veciños de Salceda e outros concellos da área metropolitana de Vigo, xa que servizos tan importantes como a asistencia hospitalaria teñen o seu enlace con Salceda a través destas dúas estradas, que se atopan ambas neste intre en obras”

“Preto dun ano despois da data prevista de remate das obras da A55, seguimos observando e padecendo accidentes, traballos estancados, sinalización de obras de carácter permanente e tramos limitados a 60 km/h, situacións todas estas que provocan graves problemas os cidadáns de toda a área, entre eles Salceda” explican as concelleiras socialistas.

Novas da Raia

Redacción



Gonzalo Caballero, Carmela Silva e David Regades homenaxeán a tres militantes históricas do socialismo ponteareán

Os socialistas de Ponteareas renderon homenaxe a tres militantes históricas do socialismo ponteareán nunha comida celebrada no Restaurante Cuevas á que acudiron un centenar de persoas. Unha comida cargada de emotividade que serviu como recoñecemento á longa traxectoria no socialismo ponteareán de Maruja e Isabel Bautista e Rosa Lago, tres mulleres que durante todos estes anos demostraron un firme compromiso cos valores e principios socialistas.

A este acto acudiron o Secretario Xeral do PSdeG-PSOE, Gonzalo Caballero, a Presidenta da Deputación, Carmela Silva, e o Secretario Xeral provincial, David Regades, quenes entre-

garon ás homenaxeadas un ramo de rosas vermellas e un agasallo como recoñecemento á súa traxectoria. Con todo, un dos agasallos máis especiais foi a carta coa que o Secretario Xeral do PSOE, Pedro Sánchez, quixo agradecer os anos de compromiso socialista das homenaxeadas.

Pola súa parte, a líder socialista ponteareá, Chus Garrote, destacou a vida das tres históricas socialistas cun discurso cheo de emotividade. Tres mulleres valentes e vangardistas do seu tempo, sinalou Garrote, que “foron quen de defender o socialismo nun momento no que a defensa da liberdade era considera un crime”, recordaba a Secretaria Xeral Socialista.

Un dos momentos máis espaciais para as homenaxeadas foi recordar a retirada do monumento ao ditador Franco da Praza Maior de Ponteareas por orde do alcalde socialista Pancho Candeira, así o recordaron durante o acto familiares e as propias homenaxeadas.

Chus Garrote, tamén quixo aproveitar a ocasión para facer mención do traballo realizado polos concelleiros socialistas no goberno de Ponteareas, onde destacou que por primeira vez un goberno municipal colleita un remanente positivo de tesourería de máis de un millón de euros. “Estamos realizando unha xestión impecable e iso á dereita moléstalle” sentenciou Chus Garrote



No seu discurso, Chus Garrote asegurou que “o goberno de Ponteareas e os socialistas demostramos que sabemos gobernar mellor, que sabemos xestionar os cartos dos nosos veciños mellor ca dereita e sempre pensando no benestar dos nosos veciños”. O PSdeG-PSOE de Ponteareas está preparada para gañar as eleccións municipais e para que Ponteareas teña a primeira alcaldesa socialista.

Durante as intervención dos

destacados líderes socialistas, Gonzalo Caballero aproveitou para por o goberno de Ponteareas e o traballo dos concelleiros socialistas como un exemplo a seguir e para conquistar o maior número de alcaldías de cara as vindeiras eleccións municipais. Así, Carmela Silva fixo fincapé no arduo traballo dos concellos socialistas e da Deputación de Pontevedra chegando alí onde a dereita de Feijóo e Rajoy fan estragos.

A OMIX promove un obradoiro de sketching en colaboración coa Escola Superior Gallaecia

A Oficina de Información á Xuventude da Guarda vén de abrir o prazo de inscrición no obradoiro de sketching que se celebrará en maio en colaboración coa Escola Superior Gallaecia.

O taller de artes plásticas centrarase na elaboración de bosqueños, principalmente de

elementos urbanos e obxectos varios, facendo deles unha obra artística. O obradoiro impartirase no antigo colexio Sinde os días 8 (de 15:00 a 18:00 h) e 9 de maio (de 16:00 a 18:00 horas).

Durante as 5 horas de formación, os e as participantes poderán adquirir as ferramentas necesarias para sacar proveito

as súas habilidades plásticas, combinando o deseño cos recursos e materiais propios desta disciplina artística.

As persoas interesadas poderán inscribirse de balde na OMIX, chamando ao teléfono 986 614 546 ou ben a través do correo electrónico informacion@aguada.es.



Por Guillermo Rodríguez

Alfonso Pato, Director do Festival de Cans

“Unha broma que se converteu en algo moi serio”

Alfonso Pato, licenciado en Filoloxía Hispánica, desenvolveu a súa carreira como xornalista e guionista de programas de televisión. Membro fundador do Festival de Cans e director do festival desde a súa primeira edición en 2004.

Que obxectivo te prantexabas o primeiro ano do Festival de Cans?

Pouco máis que facer unha broma un sábado pola tarde e parodiar un pouco o Cannes francés. Fíxemolo con ganas de tomar unhas cervexas cos amigos e de facer unha actividade cultural no mundo rural. Pero todo tomou unha dimensión inesperada para ben. Desde a primeira edición foi un éxito que nin nos plantexabamos.

Cando te decataches que o Festival lle estaba quedando “ancho” a aldea de Cans?

Creo que desde a terceira o cuarta edición, vimos que o festival estaba tomando unha enorme dimensión. Nunca nos asustamos, pero sempre fomos moi prudentes co seu crecemento. Foi un crecemento sostido, pensado, meditado e sempre sen perder a esencia do que somos. Chegou un momento no que pensamos que o corpo nos medraba moito por dentro e podía rachar a camisa, máis decidimos re-coser a camisa e readaptala a nosa nova fisonomía. Penso que maduramos moito como organización á par que medrabamos como festival.

Ultimamente xa se veñen desenvolvendo varias actividades fora de Cans, sobre todo no centro de Porriño. Cres que ese é o futuro do Festival en canto ao lugar de instalación ou cres que pode trascender eses límites?

Desde que comezamos a medrar, o Festival tivo claro que tamén tiña que ter unha das súas partes no centro do pobo. Temos unha praza do Concello perfecta para actividades e un entorno de soportais histórico e único, aínda que ás veces non nos deamos conta. O Festival ten perfectamente establecido o seu epicentro en Cans e un día baixa ó centro do pobo. Pouco a pouco fomos introducindo unha filosofía nas actividades, que é tomar as prazas e dimensionar os espazos públicos: a praza do Concello, o Torreiro de Cans, o Parque do Río en Cans, cobran outro valor cando os chimpíns chegan alí e se multiplican as actividades nestes espazos. Cobran unha nova dimensión pública e

ese é un obxectivo moi buscado.

Levas un nmontón de anos dirixindo, xstionando, animando cada celebración. Cres que se decidiras apartarte o festival podería seguir crecendo igual?

Perfectamente. O Festival está nun punto de madurez organizativa, no que cadaquén foi asumindo responsabilidades en cada departamento e cunha certa autonomía nas decisións, sempre dentro dunha coordinación xeral. Ademais fomos metendo xente nova pouco a pouco no núcleo central da organización, varios rapaces e rapazas que non pasan dos trinta anos e con capacidade para desenvolver o festival no futuro. Eu nacín en Cans, o Festival de Cans segue ilusionándome e é moi importante na miña vida, pero tamén teño outras cousas máis importantes na vida, co cal non debería pasar moito tempo sen que se prepare un relevo. O festival de Cans vai de ano en ano, e nunca se sabe como será todo dentro dun ano.

Ves no horizonte lonxano a posibilidade de que o Festival de Cans poida ser apadriñado or algunha institución galega do mundo da crweatividade e que con apoios inatitucionais poida asentarse dunha maneira definitiva e sen apuros cada ano?

Non o sei. O que teño claro é que se queremos garantir o futuro do Festival de Cans as institucións teñen que variar o seu modelo de axudas cara os festivais, e o noso festival mesmo tamén ten que mudar de modelo de xestión e administración. Por ambas partes se debe estudar un paso cara unha medida profesionalización. Cada ano é un sinvivir. Remata unha edición e non sabemos nunca que vai pasar o seguinte ano. Nunca está asegurado o seguinte ano e por iso o modelo de axudas debería variar para garantir unha supervivencia de máis de un ano.

Cales foron as máis destacadas actuacións que se puideron contemplar nos distintos festivais?

Revisando os cartaces das últimas edicións, son un bo baremo para ver o

crecemento que tivo o festival. Como foron pasando cineastas de enorme relevancia como Juanma Bajo Ulloa, Isabel Coixet, Fernando León ou José Luis Cuerda. Ou como no apartado musical, o festival foi gañando prestixio coa presenza de artistas que van de Siniestro Total a Aerolíneas Federales, pasando por Xoel López, Iván Ferreiro, Kiko Veneno, Coque Malla, León Benavente ou multitude de bandas galegas como Heredeiros da Crus, Os Diplomáticos ou Radio Océano.

Falame de apoios: Concello, Deputación, Xunta de Galicia, patrocinadores privados....

Estamos moi satisfeitos co apoio que nos presta o Concello. Non se trata dunha cuestión económica senón a súa total predisposición a colaborar. Cans é un evento que toca transversalmente varios departamentos, que van desde a alcaldía, a seguridade, vías e obras ou educación. Traballamos coordinados con todos eses departamentos, temos reunións previas e todos buscamos que o festival saia o mellor posible. Os patrocinadores privados tamén son moi importantes, sobre todo o caso de Mahou, a Fundación Aisge ou Galicia Calidade.

No caso das outras institucións hai un modelo de axudas anuais de concurrencia competitiva que funciona decentemente coa Xunta no caso de Agadic, pero que é moi rácano e moi descompensado no caso Deputación de Pontevedra, que segue sen ver claramente que Cans é o evento cultural nun entorno rural máis relevante de Galicia. A Deputación de Pontevedra é a institución que menos aporta ó Festival de Cans, cando debería ser a primeira con diferenza.

Cal é a capacidade de financiación máxima que pode acadar o propio Festival?

O Festival de Cans non ten as axudas públicas como máximo obxectivo ou máxima referencia. Cans traballa duramente para xenerar recursos propios e para obter patrocinadores privados ós que lles resulte atractivo o festival. Os recursos propios que xenera o festival



e os patrocinadores suman arredor do 70% do orzamento. Contrariamente a moitos festivais, en Cans a menor parte é a que sae das institucións públicas.

Que actuacións destacadas presenta o festival este ano para que os galegos/as visiten Cans nesta celebración?

Haberá coloquios moi interesantes con grandes cineastas, ata catro interesantísimas seccións de curtametraxes, estreos de tres longametraxes, unha sesión adicada ó desastre dos lumes, un concurso de videoclips e un gran espazo adicado as nenas e nenos e ás familias. Teremose arredor dunhas 25 actuacións musicais de estilos variados, que fan do rock á electrónica, pasando pola música tradicional, as bandas de música populares ou a electrocumbia. Desde Depedro a Esteban y Manuel, e desde Burning ata as pandereteiras das Tanxugueiras, e outras bandas como Familia Caamagno, Pardo, Monquoup ou Pantis, mesturado co sabor popular da Banda de música de Rubiós, as treboadas chegadas de Tomiño ou a música para os cativos de Magín Blanco.

Os lendarios Burning actuarán no Festival de Cans

O XV Festival de Cans terá lugar na parroquia porriñesa do 23 ao 26 de maio

O mesmo espírito ecléctico que traslada a selección audiovisual do Festival de Cans déixase ver no listado de artistas musicais que veñen de sumarse ao cartel desta 15ª edición. Dende nomes consagrados como os Burning ou Magín Blanco a grupos novos e cada vez máis populares como Esteban & Manuel, a proposta busca atender a todos os públicos, buscando a variedade de estilos coa calidade como denominador común. Así, sonarán en Cans dende o rock and roll de Familia Caamagno aos loops de voz de MounQup, ou dende a canción de autor negroide de Pardo ao desenfado folk de Tanxugueiras. Estas actuacións únense ao xa anunciado concerto Mahou Cinco Estrellas de Depedro o venres 25 e a varias sorpresas que o Festival prepara para anunciar nas próximas semanas, xa que estas non serán as únicas bandas que compoñan a súa programación musical.

O día grande da música en Cans será o sábado 26, que acollerá un bo número de actuacións, entre elas a da que é probablemente a banda en activo máis mítica de España: Burning. Aínda fieis ao estilo que os fixo populares, a súa actitude rock é capaz de trasladar ao público a un universo plasmado en clásicos como “¿Qué hace una chica como tú en un sitio como este?”, “Jim Dinamita” ou “Mueve tus caderas”. Burning, que se converteu na banda sonora de máis dunha xeración, logrou sobrevivir co seu rock and roll ao paso dos anos ata chegar á súa formación actual encabezada polo emblemático Johnny Cifuentes. O concerto terá lugar ás 00h00 no Torreiro, onde haberá dobre sesión de rock and roll xa que á tarde pasarán polo mesmo escenario Familia



Kevin Weatherill, dos Immaculate Fools, estreará o invernadoiro, un novo espazo singular de Cans.

Caamagno co seu vibrante ga-raxe sesenteiro.

Tamén o sábado, o Voulevard acollerá as actuacións de MounQup, Pardo e Tanxugueiras, tres bandas que presentarán no Festival de Cans os seus novos traballos. MounQup é Camille Hedouin, unha francesa afincada no rural ourensán que constrúe cancións superpoñendo bucles da súa virtuosa voz a bases electrónicas e vén de actuar en festivais do prestixio do WOMAD. Ao seu concerto seguirá o de Pardo, que na súa carreira en solitario exerce de cantautor acústico pero incorpora os elementos de rock and roll, swing ou rhythm and blues da súa traxectoria en grupos como The Allnight Workers e detalles de folk e música latina. A programación deste escenario, apoiado pola Fundación SGAE, completana Tanxugueiras, a principal revelación da escena folk galega actual: tres novísimas pandereiteiras galegas que conxugan un gran coñecemento da tradición cunha actitude extrovertida e un carisma escénico pouco común.

O eclecticismo da programación e a atención a públicos diversos complétase coas outras tres propostas anunciadas hoxe. Magín Blanco, autor de algún dos máis memorables discos para público infantil dos últimos anos, como A nena e o grilo, ofrecerá unha actuación no Parque do Río ás 13h30 do sábado, dentro do programa de MiniCans. Alí asistiremos tamén á primeira in-

Mahou da Leira de Alicia e do concerto de Esteban & Manuel na Noite Gia do xoves, ao final da proxección dos videoclips da sección oficial. Este dúo calificado como “o maridaxe definitivo entre a sesión vermú e a cumbia underground” recupera os ritmos latinos de verbena como o merengue e a citada cumbia e xa fixo botar unhas pezas a escenarios tan diversos como o Monkey Week

teuse nun evento de gran popularidade que recolle a variedade de estilos e talentos presente nas cancións da escena galega e nos realizadores e realizadoras que lles poñen imaxes. Deste xeito, na selección desta 15ª edición do Festival o abano vai, no visual, dende o traballo co found footage de Adrián Canoura á sensibilidade paisaxística de Montse Piñeiro ou Xaime Miranda, pasando pola animación de Myriam Pato ou Rubén Domínguez. O formato do videoclip permite a cada cineasta traballar con liberdade, e esta mostra recolle tanto exemplos de experimentación formal como pezas narrativas, con aproximacións a xéneros cinematográficos como o thriller de José Miguel Sagüillo para o “Sal y sangre” de Selvática ou a road movie de Mar Catarina para o “Papá borracho” de Ataque Escampe. Participan tamén algunhas das persoas premiadas xa en edicións anteriores, como Javi Camino ou Soledad Rebollo, e por terceiro ano consecutivo varios dos autores e autoras dos clips xuntaranse para o encontro aberto “Dalle caña!”, no que debaterán sobre a súa experiencia e proceso creativo.

O xornalista da TVG Eduardo Herrero será o encargado de presentar a sesión desta Sección Oficial de videoclips do Festival de Cans, que terá lugar o xoves 24 ás 22h00 na Praza do Concello. O listado das bandas e artistas que sonarán tamén está marcado pola diversidade: o público escoitará tanto o hip hop combativo de Ezetaerre como o folk intimista de Peña, pasando polo rock alternativo de You Dog!!, o noise de Disco Las Palmeras, o trap de Boyanka Kostova ou a electrónica da Baiuca.



terpretación en directo de “Cans & Cadelas”, a canción oficial que Magín compuxo para esta edición do festival. Por último, as espectadoras e espectadores amantes do baile terán a oportunidade de desfrutar da sesión do DJ Edu Romero o sábado no espazo

ou Festival Cara B ou a Sala Apolo de Barcelona.

Sección Oficial de videoclips

A variedade dos artistas programados no Festival de Cans é común aos videoclips finalistas da Sección Oficial. Co paso dos anos, a competición de vídeos musicais da Noite Gia conver-